<u>Acta da comisión de calidade - Acta da comisión de calidade</u>	Actas - Actas da comisión de calidade	Completado	Curso 2020/2021	<a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20201022.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20201022.pdf</a> <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20201203.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20201203.pdf</a> <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210203.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210203.pdf</a> <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210310.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210310.pdf</a> <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210526.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210526.pdf</a> <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210702.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_cc/Acta_CC_20210702.pdf</a>	
<u>Doc - Documentación Complementaria</u>	Doc Complementaria - Documentación Complementaria				

### Registros da titulación de Grao en Xeografía e Historia e Mestrado en Protección, Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

<u>Registro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
<u>R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			
<u>R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Non procede			
<u>R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna</u>	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado	05/02/2021	<a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20210205.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/actas_xf/Acta_XF_20210205.pdf</a>	
<u>R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación</u>	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede			
<u>R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación</u>	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Non procede			



**Registros da titulación de Grao en Xeografía e Historia e Mestrado en Protección, Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

<u>Registro</u>	<u>Procedemento</u>	<u>Estado do rexistro</u>	<u>Data límite de entrega</u>	<u>Observacións</u>	<u>Documentos Adxuntos</u>
publicada no <u>DOG</u>					
<u>R2- DO201 P1 - POD</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	22/07/2020	<a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R4_DO-0201_P1_procedemento_2020-21.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R4_DO-0201_P1_procedemento_2020-21.pdf</a>	
<u>R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación</u>	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	23/10/2020	Grao: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2020-21.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2020-21.pdf</a> Mestrado: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhcc3_2020-21.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhcc3_2020-21.pdf</a>	
<u>R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	22/10/2020	<a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2020-21.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0203_P1_2020-21.pdf</a>	
<u>R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT</u>	DO-0203 P1 - Orientación ao alumnado	Completado	23/10/2020 23/10/2020	Grao: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2019-20.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2019-20.pdf</a> Mestrado: <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhcc3_2019-20.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhcc3_2019-20.pdf</a>	
<u>R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares</u>	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado	04/05/2017 06/07/2021	Aprobación e prórroga <a href="http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2019-20.pdf">http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0204_P1_2019-20.pdf</a>	
<u>R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)</u>	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Non hai datos			

**II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)**

Inclúese no apartado *VIII. Anexos* do presente IRD o autoinforme de seguimento que se realizou na USC do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.), no cal participa o noso Centro, referido ao curso académico 2020/2021.

### III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO -SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

**Seguimento da titulación: Grao en Xeografía e Historia e PCEO en Turismo e Xeografía e Historia**

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

##### **Valoración xenérica**

O programa formativo establecido nas respectivas Memorias verificadas de ambas as dúas titulacións (Grao e PCEO), desenvolveuse segundo os criterios fixados en ambos os dous casos, co regreso ás aulas da actividade docente logo de que no segundo cuadrimestre do curso anterior esta se tivese que levar a cabo a través do Campus remoto da UVigo por mor do Estado de Alarma derivado da pandemia creada pola COVID-19. Neste curso académico 2020/2021, a docencia impartíuse nas aulas de xeito presencial por quendas fixadas polo decanato para cada curso-nivel, e sincronamente a partir da mencionada plataforma de teledocencia para facilitar o seguimento da docencia ao estudiantado que, debido ao sistema de rotación semanal, non lle correspondía poder asistir fisicamente ao Centro.

Por segundo ano académico consecutivo, dispoñemos dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado do PCEO que accedeu ao terceiro curso da titulación, cunha participación do 80% (algo inferior, polo tanto, ao 100% acadado en 2019/2020), cuxos resultados analizaremos conxuntamente cos derivados do alumnado do Grao, posto que estes comparten as materias que se imparten no Grao.

##### **Reflexión/Xustificación**

Por cuarto curso consecutivo, acadouse no Grao durante o curso 2020/2021 o número mínimo esixido pola Xunta de Galicia de alumnado matriculado en primeira matrícula para as titulacións universitarias de grao impartidas no SUG (no noso caso, en relación coas titulacións dos campus universitarios periféricos), superándose esta cifra mesmo por segundo ano consecutivo ata chegar ao máximo de 61 alumnos/as (Gráfico 1). Cremos que estes datos positivos non só permiten concluír que o título foi capaz de superar os obxectivos fixados no seu día no Plan de Viabilidade, senón tamén que o seu programa formativo ven suscitando dende hai un lustro un interese crecente entre o futuro estudiantado interesado en se matricular nel.

Esta tendencia foi igualmente positiva na matrícula no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, onde de novo se chegou aos 11 matriculados/as sobre unha oferta de 10 prazas.

Porén, o peso porcentual do alumnado matriculado na modalidade semipresencial do Grao segue a amosar unha tendencia á baixa xa evidenciada no curso anterior 2019/2020, no que, logo de vir representando ata entón unha porcentaxe próxima e/ou equivalente á quinta parte do total matriculado nos cursos precedentes, se reduciu a algo menos da décima parte do total (Gráfico 2). Neste curso que nos ocupa, o seu peso porcentual mesmo se reduciu un punto

máis sobre o curso precedente. No marco da evolución positiva xa sinalada que presenta o alumnado de primeira matrícula na modalidade presencial, esta segunda variable non representa polo momento un factor preocupante, máxime se temos en conta que a nosa Universidade de Vigo aposta pola presencialidade no labor docente. É dicir, ponse de manifesto claramente que no noso alumnado predominan quen se matriculan coa intención de cursar os seus estudos de xeito presencial, e que o esforzo realizado polo Centro pola visibilización e as accións de captación nesta dirección, resultan un éxito. Non obstante, cremos que é importante darlle igualmente continuidade ás campañas de captación dirixidas a ese perfil de posible alumnado que, interesado no noso Grao en Xeografía e Historia, só pode cursalo nesta modalidade por cuestións específicas contempladas para esta situación (ocupación laboral, conciliación familiar por fillos ou coidado de familiares dependentes, deportistas de alto rendemento, enfermidade ou limitación física...). Precisamente nesta mesma liña, durante o curso 2020-2021 incorporouse na relación de causas que xustifican a matrícula nesta modalidade, os motivos económicos.

Gráfico 1. Estudiantes de primeira matrícula no Grao en Xeografía e Historia (n.º)





Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia (%)



A tendencia certamente positiva que describe a evolución do número de alumnado de primeira matrícula trasládase, igualmente, á evolución da ocupación e da preferencia por parte do estudiantado matriculado no Grao (Gráficos 3 e 4). Sobre unha meta fixada no 100% para ambos os dous indicadores, acádase o 152,5% na ocupación e o 125% na preferencia.

Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia (%)





Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia (%)



Na modalidade de ingreso, no noso alumnado de primeira matrícula segue a predominar o procedente da Ensinanza Secundaria, cun claro reforzamento do seu peso porcentual en relación cos cursos precedentes no marco dunha tendencia alcista deste sector do estudiantado captado (Táboa 1) . Se durante os tres cursos consecutivos de 2018/2019, 2019/2020 e 2020/2021 este sitúase en total por riba das catro quintas parte do total (cun 85,81%); neste último, que é o que nos ocupa no presente informe, acadouse un rotundo 91,52%, precedido polo 88,63% do 2019/2020

e o 72,5% do 2018/2019. Isto é, afianzase a tendencia do predominio entre o noso alumnado de primeira matrícula que previamente cursou Bacharelato e accedeu aos estudos superiores tras aprobar o exame da ABAU. De feito, por segundo curso consecutivo, non houbo ningún estudante de primeira matrícula do grupo de maiores de 25 anos nin tampouco procedentes do alumnado de Ensinanza de Secundaria que accedese aos estudos universitarios sen se presentar á proba da ABAU; e tampouco ningún mestre ou diplomado en relación cos dous cursos académicos precedentes. Mesmo, reduciuse a presenza do alumnado de primeira matrícula procedente de FP: se en 2018/2019 representara un 15%, no 2019/2020 reducírase ata o 6,81%, neste curso 2020/2021 continuou dita redución ata se situar en 5,08%. Coidamos que se trata de datos satisfactorios, cuxa tendencia esperamos que se confirme no vindeiro curso académico 2021/2022.


Táboa 1. Modalidade de ingreso do Grao en Xeografía e Historia

Modalidade de ingreso	Cursos académicos			Total por modalidade	
	2020/2021	2019/2020	2018/2019	nº	%
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Con PAAU	54	39	29	122	85,31
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Sen PAAU	0	0	1	1	0,70
Título de Licenciado	1	0	1	2	1,40
Procedentes de Formación Profesional	3	3	6	12	8,40
Título de Diplomado/Mestres	0	1	1	2	1,40
Acceso para maiores de 25 anos	0	0	1	1	0,69
Acceso por validación de estudos estranxeiros	1	1	1	3	2,10
<b>Total</b>	<b>59</b>	<b>44</b>	<b>40</b>	<b>143</b>	<b>100</b>

No Gráfico 5ponse de manifesto o ascenso continuado que se percibe na nota media de acceso ao grao durante os últimos tres cursos (pásase progresivamente de 7,01 en 2018/2019 a 7,65 en 2019/2020, ata situarse en 8,02 en 2020/2021), se ben hai que poñer de manifesto que é o estudantado feminino o que contribúe a manter dita tendencia (8,42), xa que no caso do de orixe masculina se constata un descenso en relación co curso académico precedente (7,39)<sup>3</sup>.

<sup>3</sup> Téñase en conta que esta mellor nota de acceso ao Grao en Xeografía e Historia por parte do estudantado feminino é unha tendencia que está constatada dende que se veñen realizando os IRD. Somos conscientes, así mesmo, de que o mencionado aumento da nota media de acceso no curso académico 2020/2021 pode non ser alleo aos bos resultados que en xeral obtivo o alumnado de ensinanzas medias (en concreto, o que nos interesa a nós é o que cursou 2.º de Bacharelato) na nosa comunidade autónoma durante o curso previo (2019/2020) coincidindo co confinamento debido á COVID.

Gráfico 5. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia



A continuación, recóllense na Táboa 2 as notas medias de acceso desagregadas por perfís do alumnado segundo os diferentes estudos que facilitan o acceso ao grao. O feito de que este dato estea desagregado de xeito distinto no curso 2020/2021 que nos dous anteriores de 2018/2019 e 2019/2020, non nos permite establecer unha análise comparativa, máis alá de constatar que as notas máis altas se concentran no alumnado procedente do Bacharelato. Así mesmo, a nota mínima de acceso continúa estando fixada en 5, habendo só catro individuos do estudantado de primeira matrícula cuxa nota de acceso estivo por debaixo do 6 (9,85%).

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do Grao en Xeografía e Historia

Curso	Modalidade de ingreso	Estudos de acceso	Nota media acceso Home	Nota media acceso Muller	Nota media acceso promedio
2018/2019	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	—	6,01	6,01
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,75	7,70	6,58
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,58	—	6,58
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,89	10	9,42
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	8,90	9,51	9,11
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxico	—	6,66	6,66

		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	—	6,96	<b>6,96</b>
	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	6,62	—	<b>6,62</b>
	Licenciatura	Ciencias do Mar	6,39	—	<b>6,39</b>
	Diplomatura	Ciencias Empresariais	6,73	—	<b>6,73</b>
	Acceso para maiores de 25 Anos	Maiores de 25 anos- fóra de Galicia	7,57	—	<b>7,57</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	5	—	<b>5</b>
	Títulos de Formación Profesional de Grado Superior (para acceso ata o curso 2019/2020)	Comunicación, Imaxe e Son: Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos	7,1	—	<b>7,1</b>
		Comunicación, Imaxe e Son: Realización de Audiovisuais e Espectáculos	7,1	—	<b>7,1</b>
		Dirección de servizos en restauración	5,43	—	<b>5,43</b>
		Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	5,43	—	<b>5,43</b>
		Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	—	5,92	<b>5,92</b>
		Informática: Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas	6,429	—	<b>6,43</b>
2019/2020	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	—	8,58	<b>8,58</b>
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,95	—	<b>5,95</b>
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	6,94	—	<b>6,94</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,631	7,922	<b>6,815</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,337	7,640	<b>8,163</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	7,846	7,843	<b>7,845</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Artes	8,690	—	<b>8,690</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica	5,91	—	<b>5,91</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	—	6,29	<b>6,29</b>
		Título de Bacharelato con proba de acceso	11,440	—	<b>11,440</b>

	Diplomatura	Mestre-/a. Especialidade en Educación Primaria	6,73	—	<b>6,73</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	9,330	<b>9,330</b>
	Títulos de Formación Profesional de Grado Superior (para acceso ata o curso 2019/2020)	Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	7,714	—	<b>7,714</b>
		Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	7,540	—	<b>7,540</b>
		Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil	—	6,750	<b>6,750</b>
2020/2021	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	8,305	8,737	<b>8,417</b>
	Título de Licenciado/a	Título de licenciatura do sistema universitario español	—	9,193	<b>9,193</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	7,340	<b>7,340</b>
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	6,480	8,420	<b>7,127</b>

Pola súa banda, se no curso pasado 2019/2020 a nota media de acceso do estudiantado que inicia os seus estudos superiores no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia foi case que idéntica á do grao (7,6), no 2020/2021 tamén amosa a tendencia á alza xa comentada, situándose mesmo una décima por riba daquela (8,12). Este dato debe ser posto en relación coa cualificación media do alumnado que cursou Bacharelato e accedeu aos estudos superiores tras aprobar o exame da ABAU, que neste caso se sitúa en 9,813, sendo de novo superior entre as alumnas que entre os alumnos (Táboa 3).

Táboa 3. Modalidade de ingreso e nota media do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

Curso Académico	Modalidade de ingreso	Estudo de acceso	Home	Muller	Total
2020/2021	Alumnado con título de bacharelato ou equivalente con probas	Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	9,27	10,084	9,813
	Títulos Superiores de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño e Ensinanzas Deportivas	Título Superior de Formación Profesional	6,425	—	6,425
	<b>Total</b>				<b>8,12</b>



No que atinxe á procedencia xeográfica de todo o alumnado matriculado no Grao e no PCEO, na Táboa 4ponse de manifesto que seguen a continuar viventes a meirande parte dos parámetros xa referenciados no anterior curso académico en relación coa primeira de ambas as dúas titulacións. Así, no Grao, o primeiro posto segue a lle corresponder ao alumnado procedente da provincia de Ourense cun 45,87% (case que un punto menos que en 2019/2020: 46,7%); o segundo, á de Pontevedra, tamén cunha redución, neste caso algo maior que a anterior: 29,38% fronte ao 33,1% de 2019/2020; e tanto Coruña coma Lugo, que seguen a ocupar os postos terceiro e cuarto, experimentan un lixeiro incremento: o alumnado de orixe coruñesa pasa do 13% en 2019/2020 a 15,46% en 2020/2021, e o de orixe lugués de 5,9% a 7,22%. Segue a continuar pois unha lixeira baixada da provincia de Ourense en termos porcentuais (dentro da cal predomina, sobre todo o conxunto, o concello onde fica a capital provincial), que ven a poñer de manifesto un maior interese pola titulación por parte de alumnado procedente das outras tres provincias da nosa comunidade autónoma<sup>4</sup>; o cal consideramos que se trataría dun dato positivo, pero que é preciso analizar nunha duración máis extensa que a contemplada no presente IRD e poñéndoo en relación con outros factores exógenos. Pénsese, por exemplo, e fixándonos tan só nunha única casuística que incide directamente nesta cuestión, no alumnado procedente doutros núcleos de poboación galegos, ou xeograficamente próximos a eles, que dispoñen de campus universitarios nos que se imparten titulacións con certas semellanzas á nosa (referímonos especificamente a contidos teóricos e prácticos impartidos, e non a plans formativos) e que se matricularon na nosa titulación. É posible que algúns deles o fixeran logo de non se poder matricular, por motivos relacionados coa súa nota media de acceso aos estudos superiores ou mesmo por condicionantes económicos, nos centros de ensinanza superior situados neses outros campus. Trátase, por tanto, dun aspecto que é importante coñecer mellor e ter presente á hora de valorar na súa xusta medida a orixe desta maior diversidade xeográfica detectada entre o noso alumnado do Grao.

Así mesmo, no PCEO segue a ser maioritario o estudantado orixinario da provincia de Ourense (53,54%), o de orixe pontevedresa ocupa o segundo posto (25,19%), e o coruñés e o lugués, que amosan a mesma orde que no Grao, presentan valores moi modestos (7,87% e 6,29% respectivamente). Coidamos que tamén a este sector do noso alumnado lle podemos aplicar un razoamento análogo ao xa exposto no parágrafo precedente ao nos referir á súa procedencia xeográfica.

Táboa 4. Procedencia xeográfica do alumnado matriculado no Grao e no PCEO no curso 2020/2021

PROVINCIA/PAÍS	LOCALIDADE	Grao en Xeografía e Historia	PCFEO en Turismo e en Xeografía e Historia
A CORUÑA	Ribeira	3	—
	Sada	1	—
	Boiro	1	—
	Rianxo	1	—
	Muros	1	—
	Teo	1	—
	Brión	1	—

<sup>4</sup> O 2,06% restante procede doutras provincias españolas e mesmos de dous países iberoamericanos.

	Santiago de Compostela	3	2
	Ames	1	2
	Vimianzo	1	—
	Ponteceso	2	—
	Arteixo	2	—
	Malpica de Bergantiños	1	—
	As Pontes de García Rodríguez	5	4
	A Pobra do Caramiñal	1	—
	Oleiros	2	—
	Neda	1	—
	Ferrol	1	1
	Ortigueira	1	—
	Val do Dubra	—	1
	<b>TOTAL</b>	<b>30</b>	<b>10</b>
<b>LUGO</b>	Monforte de Lemos	2	—
	Chantada	1	—
	O Saviñao	2	—
	Sarria	1	—
	Lugo	4	—
	A Pastoriza	2	—
	Cospeito	1	—
	Burela	1	—
	Carballedo	—	1
	Meira	—	1
	Mondoñedo	—	1
	<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>3</b>
<b>OURENSE</b>	Oímbra	1	—
	Verín	3	1
	Riós	1	—
	Cualedro	2	—
	Bande	1	—
	Xinzo de Limia	7	3
	Rairiz de Veiga	1	—
	Viana do Bolo	1	—
	Celanova	2	—
	Vilar de Barrio	1	—
	Xunqueira de Ambía	1	1
	Allariz	1	2
	Cartelle	1	—
	Montederramo	1	—
	San Cibrao das Viñas	2	—
	Castrelo de Miño	1	—
	Toén	1	1
	Barbadás	3	3
	O Carballiño	5	5
	Carballeda de Avia	1	—
Ourense	49	45	
Castro Caldelas	1	—	

	Coles	1	—
	Beariz	1	—
	Padrenda	—	—
	Baños de Molgas	—	1
	Ramirás	—	1
	Entrimo	—	2
	Taboadela	—	1
	Maceda	—	1
	San Xoán de Río	—	1
	<b>TOTAL</b>	<b>89</b>	<b>68</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	A Guarda	1	1
	Tui	2	—
	Gondomar	2	1
	Salvaterra de Miño	1	2
	O Porriño	2	—
	Nigrán	2	1
	Ponteareas	3	3
	Mos	2	1
	Vigo	21	6
	Cangas	4	3
	Redondela	3	1
	Moaña	—	1
	Bueu	1	—
	Soutomaior	1	—
	Pontevedra	5	3
	O Grove	—	2
	Poio	1	—
	Meis	—	1
	Meaño	2	—
	Ribadumia	1	—
Vilanova de Arousa	—	2	
Vilagarcía de Arousa	2	—	
Moraña	—	1	
Silleda	1	—	
O Rosal	—	1	
Tomiño	—	1	
Salceda de Caselas	—	1	
	<b>TOTAL</b>	<b>57</b>	<b>32</b>
<b>ALICANTE</b>	Benijófar	1	—
<b>BARCELONA</b>	Barcelona	1	—
<b>ASTURIAS</b>	Grado	—	1
<b>BRASIL</b>	Río de Janeiro	1	—
<b>COLOMBIA</b>	Neiva	1	—

A organización e desenvolvemento do plan formativo levouse a cabo tendo en conta a recuperación da docencia presencial nas aulas, a diferenza do acontecido no segundo cuadrimestre do curso pasado de 2019/2020 no que foi preciso impartila a través das aulas habilitadas no Campus virtual da UVigo. Porén, a complexa situación sanitaria aínda vixente obrigou a establecer quendas de asistencia presencial ás clases impartidas na facultade por cada un dos catro cursos-nivel do grao que debían rotar cada semana, segundo un sistema que foi preciso arbitrar polo decanato no inicio do curso académico. Cada quenda estivo composta polo número máximo de alumnado que, segundo a capacidade de cada aula determinada pola distancia mínima de seguridade fixada polo protocolo COVID-19 (tarefa que estivo a cargo do PAS do Centro), puido asistir presencialmente ás clases na semana correspondente, mentres que o grupo ao que non lle tocaba a súa quenda podía seguir en directo de xeito síncrono a docencia a través da correspondente aula do campus virtual da UVigo. Así mesmo, para recuperar a realización das probas/exames das materias de xeito presencial, estableceuse un sistema de solicitude de aulas na que o profesorado puido levalas a cabo grazas á boa coordinación que nese sentido recaeu no PAS encargado da secretaría administrativa do decanato. En definitiva, os esforzos que implicou a nova normalidade, sorteáronse dun xeito que consideramos positivo e permitiron o retorno da labor docente ás aulas, posible grazas ao esforzo de todas e todos os membros que integran a comunidade da Facultade de Historia.


Remataremos este criterio, coa análise dos resultados das enquisas relativos ao mesmo, centrándonos unicamente nas enquisas de satisfacción, que acadaron unha participación do 71,43 % do estudiantado (dez puntos por debaixo de 2019/2020 en que se chegou ao 81,5%)<sup>5</sup>, posto que aínda non se coñecen os resultados das EAD. En todo caso, en relación con estas segundas, é preciso ter en conta que o alumnado tivo a posibilidade de cumprimentalas a través dunha plataforma telemática debido á situación sanitaria vixente (previo permiso solicitado pola Área de Calidade ao profesorado), coincidindo co desenvolvemento dunha experiencia piloto por parte da Vicerreitoría de Calidade coa que, ademais, se pretendía mellorar a representatividade e a obxectividade de dos resultados obtidos en ditas enquisas.

A nivel global, as seis preguntas que abrangue este criterio acadan unha de media de 3,77, polo tanto, 23 décimas inferior ao resultado do curso precedente (3,9 en 2019/2020), se ben se segue a manter a tendencia entón fixada en relación cos cursos precedentes (3 en 2018/2019). Esta reflexión vese reforzada polo feito de que, por segundo curso académico consecutivo, ningún destes seis ítems baixa do 3,5; sendo os dous mellores valorados os horarios da titulación (4,21) e o calendario de probas de avaliación (3,89). Como se pode comprobar no Gráfico 6.a, o único aspecto valorado cun mínimo dun 4 é o dos horarios da titulación, que marca unha tendencia ascendente en relación cos tres cursos precedentes. Tamén presenta unha lixeira alza a satisfacción do alumnado co PAT, non só superando o lixeiro retroceso acadado no 2019/2020 senón tamén o valor referenciado no primeiro curso do trienio contemplado<sup>6</sup>. Porén, percíbese nos catro restantes unha certa tendencia cara á baixa sobre os valores previos do curso 2109/2020, pese a que seguen sendo máis elevados que os acadados en 2018/2019. É preciso facer constar que en tres delas non se trata de baixadas de consideración, posto que se moven entre as 3 e as 18 centésimas, coa excepción da valoración que merecen as prácticas das materias, onde a baixada é de 37 centésimas, preto por tanto do medio punto. Posiblemente o sistema das quendas tivo repercusión neste aspecto. Por outra banda, do mesmo xeito que no curso pasado, o peor aspecto valorado segue a ser a coordinación entre as materias (3,47).

<sup>5</sup> A participación nas enquisas de satisfacción por parte do noso alumnado case que triplica a porcentaxe de participación global do estudiantado da UVigo (24,51%).


<sup>6</sup> Segundo se indica no protocolo do PAT do Centro, cada responsable dos catro cursos-niveis preséntanse e informa da súa tarefa a principio de curso; ao remate de cada cuadrimestre realiza unha xuntanza co seu grupo; e ao final do ano académico, remítelle o seu informe á persoa coordinadora do PAT, quen, á súa vez, realiza o informe xeral.

Gráfico 6.a. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (Grao)



A diferenza do curso pasado, a posibilidade de dispoñer de novo en 2020/2021 das enquisas de satisfacción para o alumnado do curso 3.º do PCEO, permítenos, por primeira vez, examinar desde a perspectiva temporal a evolución dos seus resultados. O máis visible no Gráfico 6.b é que, fronte a baixada dos tres ítems comentados en relación co alumnado do Grao, aquí só se dá esta situación nun deles. Percíbese, así, unha melloría en relación con 2019/2020, onde só un criterio fora capaz de chegar a 3. No curso que nos ocupa, medrou considerablemente a valoración da utilidade das prácticas (ao pasar do 2,67 ao 4,67) e a das probas de avaliación (de 3 pásase a 4,25), resultado algo menor a súa satisfacción co PAT (de 2,8 pásase a 3). Pero seguen persistindo certas dinámicas que confirman que, pese á tendencia positiva que ofrecen os datos, aínda queda moito por mellorar. A mellora do nivel de satisfacción coa distribución e orde das materias, como dos horarios, non permite que cheguemos ao mínimo de 2,5 sobre 5, e a valoración da coordinación entre as materias mesmo descende desde 2,67 a 2,25 representando o segundo ítem peor valorado. Ao respecto dos dous primeiros, reiteramos a diagnose feita no anterior IRD. O establecemento de horarios no PCEO resulta realmente moi complicado. A dificultade radica en que ademais de ter que compatibilizar os horarios de dous títulos diferentes de dous Centros, as materias que deben realizar cada ano proceden de cursos distintos de ambas as dúas titulacións. Así que os esforzos se dirixen principalmente a facilitar a súa asistencia ao noso Centro, pero é evidente que ás veces nin os horarios nin a distribución das materias resultan moi confortables para este alumnado, posto que tenden a concentrar as súas prácticas en horario de tarde. Así que, entre as circunstancias específicas que atinxen á configuración do dobre grao, é obvio que a dificultade de cadrar distintos cursos de titulacións diferentes representa un aspecto implícito á mesma. En relación co terceiro deles, as negociacións feitas ao longo do curso 2020/2021 dende o decanato deste Centro, propiciaron que finalmente se poda facer o reaxuste nos itinerarios formativos do PCEO das catro materias que viña solicitando o seu alumnado con vistas á súa implantación durante o vindeiro curso 2021/2022. Agardamos con expectación, neste sentido, os resultados das enquisas de satisfacción do citado curso, as cales haberemos de examinar no vindeiro IRD.

Gráfico 6.b. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (PCEO)



En relación coa mobilidade do estudiantado, paradoxalmente, malia que se foron aliviando as medidas restritivas aos desprazamentos, produciuse un claro descenso dos Erasmus propios respecto dos resultados de 2019/2020: de 5 pasouse a 2, dos que, tal como se puxo de manifesto no IRD dese curso académico, un deles procede do PCEO. Pola súa banda, o número de Erasmus alleo experimentou un lixeiro ascenso, pasando de 3 a 4 (2 deles procedentes de universidades italianas e outros dous de Turquía). En todos os casos houbo un seguimento e contacto constante coa coordinación da mobilidade do Centro e remataron os respectivos cursos con resultados favorables.

Pola súa banda, debemos facer referencia a un incremento na participación nas enquisas de satisfacción por parte das persoas tituladas respecto do curso precedente, triplicándose o número de respostas recibidas (de 10 pásase a 33 en 2020/2021), se ben se descoñece cal é a representatividade porcentual de dito incremento. En todo caso, debemos poñer de manifesto que o resultado referido á planificación e desenvolvemento supera con creces ao dos dous cursos precedentes (2,94 en 2018/2019 e 2,74 en 2019/2020) e mesmo á meta fixada para este ítem (3), situándose nun 4,09. Consideramos este dato moi positivo, na medida en que, durante o trienio contemplado, o grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento dos/as egresados e egresadas estivo nos dous cursos precedentes lixeiramente por debaixo do valor que, neste mesmo sentido, ofrece o alumnado que está cursando os seus estudos grao. Isto é, as persoas tituladas que cursaron o noso Grao valoraron positivamente, dende unha perspectiva retrospectiva, a organización/planificación e desenvolvemento do ensino. Coidamos que resulta moi representativo, neste mesmo sentido, que das seis preguntas que comprende este apartado das mencionadas enquisas, as tres mellor valoradas sexan, por orde descendente: os programas de mobilidade (5), o grao de actualización dos contidos do plan de estudo (4,5) e a orientación académica recibida (4,17). Obviamente, o reto que se nos presenta de cara aos vindeiros cursos é manter estes resultados e, de ser posible, mesmo melloralos<sup>7</sup>.

<sup>7</sup> Nas outras tres preguntas, non se baixa en ningún caso do 3,5 sobre 5: 3,83 tanto na distribución das materias do plan de estudos como nas metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino, e 3,67 na orientación profesional e laboral recibida.

Finalmente, as enquisas de satisfacción do profesorado, que correspondeu realizalas ao longo do curso a avaliar cunha participación tan só un punto e medio superior á do alumnado do Grao (73,08%), ofrecen un resultado conxunto para as seis preguntas deste apartado que se sitúa en 4,34. Como ben sendo costume cada vez que se realizan bianualmente, trátase dun índice de satisfacción que supera á cifra que neste mesmo sentido ofrece o alumnado. Neste colectivo, os tres ítems mellor valorados son: o calendario de probas de avaliación (4,58), a coordinación entre materias (4,5)<sup>8</sup> e os horarios (4,48); mentres que os peor valorados, con taxas igualmente elevadas que superan o 4, son: as prácticas (4,36), o PAT (4,09) e a organización temporal das materias (4,08).

**Puntos débiles detectados:**

- Baixa participación nas EAD
- Desaxuste notable entre a percepción que ten o alumnado que cursa o PCEO e o que cursa o Grao, tratándose das mesmas materias

**Accións de mellora a implantar:**

- Incrementar a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción para coñecer os problemas e implantar accións de mellora
- Reunión cos/as delegados/as de cada curso-nivel cando se vai abrir o prazo para cumprimentar as enquisas
- Mellora das canles de comunicación entre o alumnado do PCEO e os/as profesores/as tutores/as de cada curso e o decano

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

<sup>8</sup> Coidamos que é importante poñer de manifesto que existe unha diferente valoración nas enquisas de satisfacción do ítem relativo á coordinación entre as materias do plan de estudos, segundo o grupo da comunidade na que nos fixemos. Mentres que para o profesorado se trata do segundo ítem mellor valorado neste criterio (4,5), pola contra, para o alumnado do Grao é o peor (3,47) e para o do PCEO o segundo peor (2,25, logo dun descenso considerable en relación con 2019/2020). É evidente que se trata dunha percepción obxectivamente diferenciada do que significa este ítem, e, polo tanto, haberá que intentar pescudar se esta obedece sinxelamente a unha cuestión semántica ou non.

I03-AC: Preferencia  
I03(2)-AC: Adecuación

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

### **Valoración xenérica**

Toda a información importante do Grao en Xeografía e Historia, como así mesmo das actividades do Centro, está publicada e facilmente accesible para todas as persoas usuarias interesadas. O seu soporte principal segue a ser, do mesmo xeito que en cursos académicos precedentes, a web institucional do Centro, complementada coa difusión de parte desta información a través das redes sociais.

### **Reflexión/Xustificación**

Tal como vimos salientando en IRD anteriores a este que nos ocupa, desde que a Facultade de Historia superou exitosamente o proceso de certificación do Sistema, tanto a accesibilidade á información como a transparencia ocupan un lugar prioritario nela. Neste segundo ano que transcorreu dende a remodelación formal e estrutural da web adaptándoa ao modelo institucional, e xa superado o ano pasado o transvase da información, continuouse coa actualización dos seus contidos cun ritmo constante coa intención de incorporar todas as novidades detectadas, nos dous idiomas oficiais da nosa Comunidade Autónoma (galego e castelán) e en inglés. O contido da mencionada web refírese basicamente ao Grao en Xeografía e Historia e ás actividades/eventos que se levan a cabo no Centro, ou ben promovidas dende o Centro; incluíndo, así mesmo, as novas que se van xerando. Tal como se especifica na Axenda de Calidade, todos os contidos de interese da Facultade recóllense no rexistro asociado á Verificación/chequeo de información pública, que pode ser consultado en: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1\\_DO-0301\\_P1\\_2020.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2020.pdf)

Continuando coa liña de actuación aberta no curso 2018/2019, séguense a utilizar as canles de Facebook, Instagram e Twitter para transmitir novidades ou avisos, á vez que resulta unha vía moi útil de visibilidade do Centro e dos seus títulos. Podemos aplicar semellantes termos tanto ao grupo de WhatsApp entre a decana e o alumnado representante (delegadas e delegados de curso e representantes da Delegación), como a cada un dos catro grupos de WhatsApp por cada curso-nivel, que teñen como obxecto axilizar a comunicación dun xeito rápido e eficaz.



Gráfico 7.a. Satisfacción do alumnado co criterio 2. Información e transparencia (Grao)





Gráfico 7.b. Satisfacción do alumnado co criterio 2. Información e transparencia (PCEO)



Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado tanto do Grao como do PCEO en relación con este aspecto están desglosados nos Gráficos 7.a e 7.b respectivamente. De novo, percíbese unha diferenza nos valores procedentes de ambos os dous sectores do noso estudiantado, resultando máis elevados no caso do primeiro deles. A pesar desta circunstancia, amosan unha tendencia parella á alza en relación co curso precedente, agás no que

atinxe á utilidade da web, que no caso do PCEO presenta un descenso. Así, se no Grao se pasa dun 3,77 en 2019/2020 a un 3,93 en 2020/2021, no PCEO este incremento vai do 2,8 en 2019/2020 a 3,25 en 2020/2021. Entrando na valoración dos diversos ítems, se no Grao os dous mellor valorados son os mesmos que no curso pasado (facilidade e utilidade da web con cadanseus 4,1 e 4), no PCEO, aínda que coincide a facilidade da web como un dos aspectos mellor valorados (3,75), porén, o segundo deles é a información sobre actividades extracurriculares (3,5), que, pola contra, é o menos valorado entre o alumnado do Grao. Con todo, insistimos en que a maior diverxencia se percibe no valor medio total acadado por este aspecto en ambos os dous grupos (cunha maior satisfacción no caso do Grao), e a nivel particular, na tendencia á baixa da utilidade da web que manifesta o estudantado do PCEO. No alumnado do Grao podemos seguir mantendo que a valoración deste criterio é positiva e que o noso obxectivo é continuar nesta senda. Sen embargo, ao nos referir ao outro sector contemplado, se ben é evidente a mellora que a nivel global presenta a satisfacción deste aspecto, a nivel particular haberá que facer un esforzo por mellorar a cualificación acadada tanto na utilidade da web como na información noutros soportes.

É importante deixar constancia que a decana/coordinadora de Calidade tamén mantivo tres encontros co alumnado do PCEO neste curso académico, como ven sendo costume desde a súa implantación e neste aspecto concreto nunca se manifestou descontento.

No sector das persoas egresadas este criterio tamén experimenta un incremento notable respecto do curso pasado, pasando dunha media de 3,6 en 2019/2020 a 4,085 en 2020/2021. Así mesmo, entre o profesorado acada un 4,71 e entre o PAS un 4,58. Nestes tres sectores, valórase o resultado de xeito positivo.

**Puntos febles detectados:**

- Desaxuste na tendencia positiva nun dos catro ítems neste criterio por parte do alumnado do PCEO (utilidade da web)

**Accións de mellora a implantar:**

- Mellora das canles de comunicación entre o alumnado do PCEO e os/as profesores/as tutores/as de cada curso e o decano
- Asignación de profesorado titor específico para o PCEO (un para os cursos 1.º, 2.º e 3.º e outro para 4.º, 5.º e 6.º) e un delegado conxunto para os seis cursos

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

#### **Valoración xenérica**

A Facultade de Historia dispón dun Sistema de Calidade actualizado e que ten como obxectivo a mellora continua, ao longo do curso académico, dos títulos que se imparten.

#### **Reflexión/Xustificación**

A actualización do Sistema realízase de xeito continuado seguindo o calendario de actuacións que se recomenda e recolle na “Axenda Básica” editada pola Área de Calidade da UVigo, que, ademais de resultar de grande utilidade neste sentido, contribúe a homoxeneizar as accións que deben levar a cabo os distintos Centros da mencionada universidade. De novo, volveuse a solicitar de xeito voluntario a revisión do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2019/2020 aos/as técnicos/as da Área de Calidade, cuxas suxestións sempre acaídas agradecemos un ano máis, as cales se tiveron en conta á hora de mellorar a elaboración deste presente informe.

Se ben xa fixemos mención no apartado de aspectos introdutorios ás modificacións que aconteceron durante o curso 2020/2021 na composición da Comisión de Calidade, coidamos que cómpre lembralas, posto que se relacionan especificamente con este criterio. O ata entón colaborador de Calidade, Antonio Presedo Garazo, foi substituído conxuntamente por Josefa Rodríguez Bouzas (xefa do Negociado de Área de Apoio a Centros e Departamentos) e Amado Tierra Lozano Ramírez (bolseiro colaborador no Centro durante o curso que nos ocupa); e, así mesmo, un dos membros da sociedade (José María Eguileta) foi re-emprazado por Francisco Borja Campos Seijo (profesor de Ensino Secundaria e entón representante sindical). Á súa vez, Julio Prada Rodríguez, logo de se incorporar ao equipo decanal en calidade de novo secretario en funcións en setembro de 2021, tamén se fixo cargo da secretaría de dita comisión.


Un ano máis, volvemos a insistir na importancia da transmisión das accións de Calidade ao alumnado, na medida en que, sendo, como de feito é, o sector maioritario dentro da comunidade do noso Centro, coidamos que este non é suficientemente consciente da relación existente entre moitas das boas prácticas que se realizan de xeito continuado e o desenvolvemento do Sistema. Trátase dun obxectivo que nos propoñemos acadar de xeito paulatino, conscientes da súa dificultade, para o cal cremos que o representante do alumnado na Comisión de Calidade debe xogar un papel de relevo neste senso, en tanto en canto canle transmisora directa de ditas accións aos representantes da Delegación de Alumnado como tamén aos/as correspondentes delegados/as de cada curso.

O valor acadado por este criterio nas enquisas de satisfacción do alumnado do Grao sitúase, por segundo curso consecutivo, nun nivel que podemos considerar óptimo e moi próximo ao acadado en 2019/2020, cunha lixeira baixada de trece centésimas (Gráfico 8.a). Comprobamos, polo tanto que logramos a estabilización esperada no IRD correspondente a dito curso precedente. Porén, malia que a valoración do alumnado do PCEO experimenta un leve crecemento de dúas décimas en relación con 2019/2020, é evidente que se volve a manifestar a discordancia xa sinalada en relación co criterio anterior do noso informe (Gráfico 8.b). Pese a que en ambos os dous casos, o alumnado segue un programa formativo parello no noso Centro, é evidente que existe unha percepción bastante diferenciada entre un sector e outro, que se traduce en valores máis baixos no segundo deles<sup>9</sup>,

<sup>9</sup> Téñanse en conta os seguintes datos que permiten evidenciar esta clara discordancia: se entre o estudantado do Grao o valor da súa satisfacción co SGC situábase en 2,9, o resultado que neste

cuxa corrección necesariamente deberá pasar pola combinación de estratexias de actuación que permitan identificar primeiro as causas que explican esta situación (p. ex.: reunións específicas dos titores de curso asignados polo PAT con este colectivo do alumnado<sup>10</sup>, e reunións periódicas dos/as seus/súas delegados/as de curso co decano<sup>11</sup>).

Gráfico 8.a. Satisfacción do alumnado co criterio 3. Sistema de garantía de calidade (Grao)




mesmo senso ofrece o alumnado do PCEO aínda era unha décima inferior no seguinte curso 2019/2020 (cando ascendeu ata 3,88 no Grao), e neste que nos ocupa —2020/2021— a penas unha décima superior (situándose en 3,75 no Grao).

<sup>10</sup> As reunións que manteñen os/as profesores/as titores/as con cada un dos catro cursos nivel do Grao, asignados/as polo PAT do Centro, son fixadas a partir dos catro cursos que comprende esta titulación e non dos seis do PCEO. Así, por exemplo, por tomar de referencia só un curso, parte do alumnado do PCEO que cursa 3.º asiste ás clases que se imparten en 2.º do Grao, polo que non sempre lle queda suficientemente claro quen é o/a seu/súa profesor/a titor/a, xa que aínda que cursen 3.º do PCEO o/a seu/súa profesor/a titor/a é o asignado a 2.º do Grao. Será preciso, polo tanto, aumentar os esforzos en cursos vindeiros para que en ditas reunións se vexa representada (ou expresado noutros termos, teña unha maior presenza) esta parte do noso alumnado para recoller e ter en conta as súas consideracións.

<sup>11</sup> Do mesmo xeito que acontece coas reunións periódicas que mantén o decano cos/a delegados/as dos catro cursos nivel do Grao, tamén será preciso facer un esforzo notable neste senso nos anos académicos vindeiros, dun xeito parello ao xa comentado en relación coas reunións programadas polos/as profesores/as titores/as do PAT. A implicación dos/as delegados/as dos seis cursos que abrangue o PCEO de seguro que tamén haberá de contribuír a indagar sobre cales son as causas que xustifican o mencionado desaxuste, polo menos as que se relaciona co noso Centro.

Gráfico 8.b. Satisfacción do alumnado co criterio 3. Sistema de garantía de calidade (PCEO)



Tamén neste criterio, percíbese un aumento de certa consideración na valoración que do mesmo fan as persoas egresadas, ao pasar do 3,3 en 2019/2020 ao 4,6 en 2020/2021. Pola súa banda, entre o PDI sitúase nun nivel próximo, situándose en 4,3, e entre o PAS en 4. De novo, considerados positivamente as valoracións procedentes destes tres sectores.

**Puntos febles detectados:**

- Coñecemento medio/baixo por parte do alumnado dos asuntos relativos ao Sistema, aínda que consciente das accións de mellora que se levan a cabo
- Desaxuste notable entre a percepción que ten o alumnado que cursa o PCEO e o que cursa o Grao, tratándose das mesmas materias

**Accións de mellora a implantar:**

- Unha maior implicación do representante do alumnado na Comisión de Calidade que opere como canle transmisora das accións de dita comisión aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/ás delegados/as de cada curso
- Mellora das canles de comunicación entre o alumnado do PCEO e os/as profesores/as titores/as de cada curso e o decano
- Asignación de profesorado titor específico para o PCEO (un para os cursos 1.º, 2.º e 3.º e outro para 4.º, 5.º e 6.º) e un delegado conxunto para os seis cursos

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC  
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

### Valoración xenérica

O PDI e o PAS da Facultade de Historia son axeitados para as características da titulación e o número de estudantes. Tal como se ven realizando de xeito sistemático, actualizouse e fíxose pública a través da web do Centro, toda a información referida a ambos os dous sectores que integran a comunicade do mesmo.

### Reflexión/Xustificación

As dúas xubilacións que se produciron no cadro do PDI, unha que afectou á Área de Prehistoria e outra á de Historia Contemporánea, en ambos os dous casos PTU, suplíronse, na primeira de ambas as dúas, coa activación da correspondente lista de agarda e unha bolsaire predoutoral, e no segundo, tamén coa súa lista de agarda. Nas áreas que tiveron exceso de docencia tamén se contratou profesorado a través da activación das súas respectivas listas de agarda (Arqueoloxía, Historia Antiga e Xeografía Física). Esta mesma modalidade contractual foi a que se empregou para cubrir parte da docencia da PTU da Área de Historia da Arte, quen obtivo durante dito curso académico ano sabático. No curso 2020/2021 produciuse, ademais, a reincorporación ao cadro do PDI do Centro do PTU da Área de Historia Medieval, logo do seu paso polo CSIC en calidade de Científico titular.


En relación coa problemática xa sinalada en IRD anteriores, relacionada coa elevada idade media do profesorado a tempo completo do noso Centro, a cal vai na liña do progresivo envellecemento que se ven constatado no conxunto do colectivo docente da nosa universidade, neste curso académico que nos ocupa, conseguíuse consolidar unha praza na Área de Historia Moderna, logo da promoción do seu profesor Asociado á categoría de Profesor Axudante Doutor. Con todo, o PDI do Centro viu reducir os seus efectivos en tres membros, pasando de 29 docentes en 2019/2020 a 26 en 2020/2021. Moi sinteticamente, este estivo composto durante o curso a analizar por unha catedrática, sete titulares (dous menos que en 2019/2020 debido ás xubilacións comentadas), dúas contratadas doutoras, dous axudantes doutores (un dos cales se corresponde coa mencionada promoción), seis asociados<sup>12</sup>, un contratado/a predoutoral Xunta, seis contratados/as interinos (un máis que en 2019/2020) e un investigador distinguido<sup>13</sup>. Agardamos poder cambiar esta tendencia no vindeiro curso 2021/2022 coa incorporación de novo profesorado.

<sup>12</sup> Unha vez máis, queremos deixar constancia da manifesta dispoñibilidade do noso profesorado asociado cuxos esforzos soen exceder as funcións intrínsecas a dita figura contractual do PDI, asumindo a titorización de TFG e prácticas. Neste curso xa foi posible o seu acceso a cargos unipersonais de xestión.

<sup>13</sup> Ademais desta relación, hai que sinalar que no curso 2020/2021 xa non houbo ningún/ha profesor/a substituto/a a diferenza de 2019/2020 (1) e 2018(2019) (3).

Obviamente, esta redución no número do PDI reflectiuse na evolución do total de sexenios e quinquenios acumulados polos seus integrantes, tal como se pode apreciar no Gráfico 9, onde se representa o efecto negativo que tiveron as xubilacións acontecidas nos cursos precedentes de 2018/2019 e 2019/2020. Cremos que a incorporación de novo profesorado a tempo completo podería axudar a mellorar este aspecto<sup>14</sup>.

Gráfico 9. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia (n.º)




En relación co PAS do Centro, é preciso facer mención ao esforzo que realizaron os seus integrantes para que se puidese regresar á docencia presencial seguindo un sistema de quendas. A súa implicación resultou decisiva en dous aspectos fundamentais neste sentido. Un deles foi a labor detallada de sinalización levada a cabo nos espazos comúns do edificio onde se atopan as aulas, para garantir unha circulación correcta e segura da comunidade do Centro, como así mesmo, a delimitación exacta dos postos que se poderían ocupar nas aulas de acordo cos parámetros de seguridade sanitaria fixados; todo o cal estivo a cargo dos bedeis da conserxería do Edificio Facultades. O segundo, consistiu na reserva de aulas para a realización de exames presencialmente, da que se encargou a secretaria do decanato. Tamén xa comentamos no criterio anterior que a xefa do Negociado de Área de Apoio a Centros e Departamentos se incorporou á Comisión de Calidade.

Non obstante, a diferenza de cursos precedentes, a súa participación en accións formativas experimentou unha redución de certa consideración, tal como se reflicte no Gráfico 11. Con toda probabilidade, esta porcentaxe volverá a situarse no vindeiro curso académico nos valores de 2018/2019 e 2019/2020.

<sup>14</sup> Malia esta considerable redución, o resultado do rexistro I03-PE, relacionado cos Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios), acadou o máximo valor no trienio contemplado, cun 90,91%, superando en case once puntos a meta fixada (80%). Porén, esta porcentaxe non ten en conta ao total de 26 membros do PDI que impartiron docencia no curso 2020/2021, senón só aos 10 que estiveron en condicións de acceder ao recoñecemento académico da súa actividade investigadora.

Gráfico 11. Participación do PAS vinculado á Facultade de Historia en cursos de formación (%)



Un curso máis, a cualificación acadada por este criterio nas enquisas de satisfacción do alumnado do Grao, referido concretamente ao PAS do Centro, volve ser a máis elevada, cun 4,25 (a penas oito centésimas por debaixo do resultado do curso precedente). E se nos fixamos no resultado acadado neste mesmo sentido polo alumnado do PCEO, constatamos un incremento que vai do 2,4 en 2019/2020 ao 3,25 no 2020/2021 (Gráficos 12.a e 12.b). De novo evidénciase unha diferente apreciación entre un colectivo e outro que, neste caso, sitúa a valoración entre ambos os dous nunha diferenza dun punto. Non engadiremos moito máis en relación con dito valor diferencial ao xa argumentado nos criterios precedentes, pero de xeito específico con este en concreto, debemos ter en conta que o alumnado do PCEO depende administrativamente da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo do noso campus universitario. Si insistiremos, porén, no feito de que as enquisas confirman a calidade profesional do PAS da Facultade de Historia e a exquisita atención que este ofrece ao noso alumnado<sup>15</sup>. Unha argumentación que se ve reforzada polo 4,75 acadado na pregunta n.º 12 das enquisas de satisfacción do PDI, e o 4,8 na pregunta n.º 11 das enquisas das persoas egresadas, en ambos os dous casos tamén referidas á atención do PAS<sup>16</sup>.

Pola súa banda, o grao de satisfacción do alumnado co labor docente do profesorado, permite concluír, con datos aínda provisionais, que, no caso do Grao, recupérase a décima perdida no curso 2019/2020 para situarse nun nivel parello ao de 2018/2019, cun 4,13. Para o alumnado do PCEO aínda non se coñece o resultado acadado neste sentido, polo que é preciso ter en conta a aclaración que se fai na nota a rodapé número 15 referida aos datos representados no Gráfico 12.b.

<sup>15</sup> O PAS do Centro está composto polos bedeis da conserxería do Edificio Facultades, a secretaría administrativa de alumnado, a secretaría do decanato e o persoal da área de apoio a centros e decanato.

<sup>16</sup> Porén, o propio PAS do centro valora este criterio cun valor medio de 3,5.



Gráfico 12.a. Satisfacción do alumnado co criterio 4. Recursos humanos (Grao)<sup>17</sup>





Gráfico 12.b. Satisfacción do alumnado co criterio 4. Recursos humanos (PCEO)<sup>18</sup>



<sup>17</sup> O valor referido ao nivel de satisfacción do alumnado do Grao co labor docente que se recolle no Gráfico 12.a, isto é 4,13, procede das enquisas de avaliación docente. Trátase aínda dun valor provisional.

<sup>18</sup> O valor referido ao nivel de satisfacción do alumnado do PCEO co labor docente que ofrece o Gráfico 12.b, isto é 0, o cal tamén se extrae das enquisas de avaliación docente, aínda non foi publicado no momento en que se elaborou o presente IRD. Polo tanto, a representación gráfica desta variable referida ao curso que nos ocupa, 2020/2021, só evidencia a falta do dato pero non ningún valor, posto que aínda nos é descoñecido.

<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Persiste o problema de envellecemento da planta de PDI e do PAS</li> <li>• A necesidade de acudir ao profesorado de lista de agarda non como unha necesidade puntual, senón estrutural, o feito de que non haxa continuidade nel e a situación de compartir materias por necesidade de axuste de horas</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reiterar ao vicerreitorado a persistencia da problemática relacionada co envellecemento do PDI e do PAS</li> <li>• Mellorar a planificación das Áreas, asignando un docente estable responsable de coordinarse con este profesorado</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b></p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

### **Valoración xenérica**

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

### Reflexión/Xustificación:

Durante o curso 2020/2021 regresouse á docencia presencial nas aulas a través do mencionado sistema de quendas que estableceu o decanato. Co obxecto de axustar o número de alumnado de cada curso-nivel ás aulas dispoñibles, foi preciso realizar algúns re-axustes na distribución previa das mesmas, para que puidese asistir ao Centro a maior cantidade posible a seguir presencialmente as sesións teóricas e prácticas das materias impartidas, tendo en conta o aforo máximo que as condicións sanitarias permitían. Xa comentamos no anterior criterio, como esta tarefa recaeu no PAS da conserxería, quen así mesmo tivo ao seu cargo a sinalización de portas de acceso ao Edificio Facultades e o sentido da circulación que os membros da comunidade debían seguir unha vez dentro do mesmo. Entre eses cambios que se produciron na asignación das aulas por dita situación, cómpre mencionar que as actividades docentes do curso 1.º pasaron de impartirse na aula 0.5 á 0.9, as do curso 2.º da aula 0.6 á 2.1 e ás do curso 4.º da aula 2.3 á 0.6. Todas as aulas dispuxeron, así mesmo, de dispensadores de xel hidroalcohólico para uso do profesorado e alumnado, e debían ventilarse polo menos dez minutos entre unha clase e outra, coas súas portas e ventás abertas, período durante o cal debían permanecer baleiras.

Tamén o alumnado puido regresar á biblioteca do noso campus seguindo un sistema de acceso que garantiu a distancia entre os/as usuarios, para o cal foi preciso que reservasen previamente un posto de traballo cuxa tarefa recaeu no persoal da mesma. Coa súa apertura, o alumnado e o profesorado puideron acceder de novo aos seus ricos e valiosos fondos bibliográficos.

A necesidade de ventilar as aulas incrementou o problema xeotérmico do Edificio Facultades, cuxas baixas temperaturas veñen representando unha incomodidade que, ano tras ano, reflicte o noso alumnado de xeito reiterado nas enquisas de satisfacción. Quixeramos poñer de manifesto dúas consideracións neste sentido. A primeira, é recoñecer a boa disposición que tiveron en todo momento os membros da nosa comunidade para afrontar a situación derivada da mencionada ventilación. A segunda é que comezaron a se executar as obras relacionadas co proxecto de xeotermia previsto para dito inmovible. Agardamos que contribúa a mellorar este aspecto no vindeiro curso académico.

Na medida en que o sistema de quendas obrigou a que unha parte maioritaria do noso alumnado non puidese seguir presencialmente a actividade docente no Centro, continuouse utilizando as aulas habilitadas no Campus remoto da UVigo durante o curso anterior 2019/2020, para que aqueles/as que non lles correspondía asistir de xeito presencial ás aulas, puidesen seguir as exposicións teóricas e as actividades prácticas sincronamente. Mesmo, nalgunhas actividades facilitouse que puidesen acceder ao seu seguimento de xeito asíncrono, logo de ser gravadas. A experiencia acumulada en cursos pasados, tanto no desenvolvemento da actividade docente do *Mestrado en Valoración, Protección e Xestión do Patrimonio Cultural*, que se imparte de xeito virtual, como a modalidade semipresencial do Grao, contribuíron a que o profesorado se adaptase dun xeito áxil á situación. Unha adaptación que, a maiores, se veu facilitada pola experiencia acumulada no uso desta ferramenta polo profesorado que impartiu docencia no segundo cuatrimestre do pasado curso académico 2019/2020, coincidindo co confinamento que seguiu ao Estado de Alarma<sup>19</sup>.

A diferenza do curso precedente, no 2020/21, a materia Prácticas Externas adaptouse ás condicións impostas pola nova normalidade, permitindo que o noso alumnado puidese recuperar a dinámica relacionada con esta,

<sup>19</sup> As aulas e salas de xuntas de que dispón a Facultade de Historia no Campus remoto da UVigo están accesibles a través do seguinte enlace: <https://campusremotouvigo.gal/faculty/102>.

realizando as súas prácticas naquelas empresas e institucións coas que o centro ten asinados os correspondentes convenios para tal fin, se ben condicionada pola evolución da situación sanitaria.

Entrando a valorar os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado no tocante a este criterio, o primeiro aspecto a destacar é, unha vez máis, a diferente percepción que ten o estudiantado que cursou o Grao e aquel outro que se matriculou no PCEO, máxime se reparamos no feito de que os recursos materiais e servizos son os mesmos para ambos os dous grupos. Non obstante, en relación con este criterio en concreto, é evidente que estes segundos presentan un nivel maior de satisfacción ao respecto (Gráficos 13.a e 13.b), quizais porque a situación do seu Centro de orixe é peor neste senso. No que atinxe ao alumnado do Grao, a considerable subida que se produciu respecto ao anterior curso 2019/2020 deixou paso, no 2020/2021, a un lixeiro descenso en dous dos catro ítems que dito criterio abrangue nas enquisas (entre catorce e dezaoto centésimas menos), e un aumento dos outros dous, lixeiro no caso da apreciación que teñen sobre os laboratorios e obradoiros, e de case que catro décimas máis en relación coa plataforma de teledocencia, que se situou nun 4,15, que coidamos reflicte o esforzo realizado neste sentido e xa comentado. Con todo, máis que expresar estes resultados en termos subida ou baixada, coidamos que sería máis acaído relacionalos cunha situación de inercia ou mantemento dos valores acadados no curso académico precedente. Pola súa banda, no caso do PCEO, agás este último, que acada o valor de 4,25, nos tres ítems restantes sitúase en 4. Téñase en conta que se trata dun sector do noso alumnado que, como xa comentamos, debe seguir a súa formación universitaria diaria tanto no noso Centro coma Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo do noso campus. En todo caso, tamén nos interesa poñer de manifesto que a diferente apreciación que teñen ambos os dous sectores sobre a titulación, a cal se ven observando nos IRD precedentes situando os valores máis baixos de satisfaccións neste segundo, por fin nos permite comprobar que os esforzos realizados contribuíron a modificar esta dinámica, polo menos en relación con este criterio. Valoramos positivamente este resultado, que nos anima a seguir por esta senda con vistas a acadar a desexada converxencia entre ambos os dous grupos.

Gráfico 13.a Satisfacción do alumnado co criterio 5. Recursos materiais e servizos (Grao)





Gráfico 13.b. Satisfacción do alumnado co criterio 5. Recursos materiais e servizos (PCEO)



Se temos en conta ao grupo de egresados e egresadas, evidénciase un considerable aumento na súa valoración en relación con este criterio, ao pasar do resultado global de 3,07 en 2019/2020 ao 4,22 en 2020/2021, con puntuacións nos tres diferentes ítems que, con valores máis elevados, repiten en liñas xerais a tendencia do curso académico pasado<sup>20</sup>. En canto ao profesorado, este presenta unha valoración global neste criterio que se sitúa en 4,41, correspondéndolle o primeiro posto á plataforma de teledocencia (4,7), seguido polos espazos auxiliares (4,33) e as aulas e laboratorios (4,2).

**Puntos febles detectados:**

- Desaxuste notable entre a percepción que ten o alumnado que cursa o PCEO e o que cursa o Grao, tratándose das mesmas materias

**Accións de mellora a implantar:**

- Mellora nas canles de comunicación entre o alumnado do PCEO e os/as profesores/as titores/as de cada curso e o decano
- Asignación de profesorado titor específico para o PCEO (un para os cursos 1.º, 2.º e 3.º e outro para 4.º, 5.º e 6.º) e un delegado conxunto para os seis cursos

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

<sup>20</sup> Se en 2019/2020, o ítem mellor valorado foi a plataforma de teledocencia (3,5), seguido en segundo lugar polos espazos para o traballo autónomo (3,44) e en terceiro polas aulas e laboratorios (2,3); en 2020/2021, o primeiro posto correspóndelle aos espazos para o traballo autónomo (4,5), o segundo á plataforma de teledocencia (4,33) e o terceiro ás aulas e laboratorios (3,83).

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos  
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas  
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.  
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

### Valoración Xenérica

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

### Reflexión/Xustificación:

Recollemos na Táboa 5 os resultados relativos ás tres taxas de éxito, rendemento e avaliación de todas as materias do Grao en Xeografía e Historia, das cales se analizarán neste criterio os resultados referidos ás de éxito e a avaliación, deixando o exame da taxa de rendemento para o seguinte criterio.

Táboa 5. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia do Grao (en %)

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
G251101 Xeografía: Fundamentos de xeografía física	92,86	86,67	93,33
G251102 Historia: Introducción á etnoloxía	100	89,66	89,66
G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	94,44	89,47	94,74
G251104 Idioma moderno: Inglés para humanidades	92,86	81,25	87,50
G251105 Historia de América precolombina e colonial	67,19	59,72	88,89
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	51,16	33,33	65,15
G251202 Historia: Introducción á historiografía	100	80,88	80,88
G251203 Arte: Arte clásica	95,83	76,67	80,00
G251204 Teoría e método da arqueoloxía	84,48	76,56	90,63
G251205 Prehistoria universal	98,18	81,82	83,33
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	100	88,57	88,57
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades	94,44	79,07	83,72
G251303 Historia antiga universal	96,97	84,21	86,84
G251304 Historia medieval universal	100	84,62	84,62
G251305 Paleografía	86,49	57,14	66,07
G251401 Historia: Metodoloxía da historia	84,21	64,00	76,00
G251402 Historia moderna universal	72,22	56,52	78,26
G251403 Historia contemporánea universal	100	87,18	87,18
G251404 Historia da arte medieval	97,14	80,95	83,33
G251405 Arqueoloxía aplicada	95,00	88,37	93,02
G251501 Historia antiga da Península Ibérica	96,67	87,88	90,91
G251502 Historia da arte moderna	84,38	65,85	78,05
G251503 Historia medieval da Península Ibérica	100	90,63	90,63
G251504 Prehistoria da Península Ibérica	83,87	78,79	93,94

G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	61,11	33,33	54,55
G251601 Historia contemporánea de España	92,00	67,65	73,53
G251602 Historia da arte contemporánea	96,15	71,43	74,29
G251603 Historia moderna de España	86,96	55,56	63,89
G251604 Mundo actual	100	93,10	93,10
G251605 Sistemas de representación xeográfica	75,00	69,23	92,31
G251901 Historia de América contemporánea	100	82,61	82,61
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	100	100	100
G251904 Historia das relixións	93,33	93,33	100
G251905 Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	100	85,00	85,00
G251906 Historia da arte de Galicia	96,15	89,29	92,86
G251907 Historia medieval de Galicia	86,21	80,65	93,55
G251908 Xeografía de Galicia	88,89	66,67	75,00
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social	100	93,94	93,94
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100	76,47	76,47
G251912 Historia moderna de Galicia	88,89	66,67	75,00
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	89,47	89,47	100
G251981 Prácticas externas	100	85,71	85,71
G251991 Traballo de Fin de Grao	100	43,59	43,59

Se fixamos a nosa atención na primeira delas, a taxa de éxito por materia no curso 2020/2021 ofrece os seguintes resultados. Un 32,56% delas acadan o 100% (case seis puntos inferior ao 38,09% do curso 2019/2020), continuando, iso si, concentrándose a metade destas no 4º curso. Outro 32,56% presentan unha taxa que oscila entre o 90 e o 99,99% (cun valor moi próximo ao 33,33% de 2019/2020); aumentan lixeiramente as que contan cunha taxa de 80 a 89,99%, pasando do 21,42% en 2019/2020 ao actual 23,25% en 2020/2021; e o resto ofrece un peso porcentual realmente baixo sobre o total de materias da titulación<sup>21</sup>. É moi probable que a nova normalidade vinculada ao sistema de quendas, incluída a realización dos exames de xeito presencial, tivese un efecto directo na baixada de materias que acadaron unha taxa de éxito do 100%, como tamén que un 2,32% destas a penas supere o 50%. Agora ben, esta taxa segue a manter, en liñas xerais, os resultados do curso precedente, tal como se reflicte no Gráfico 13, pasando do 92% ao actual 91%, e se segue a situar próxima á meta fixada en 93%.

No que se refire á taxa de avaliación, repítese o valor acadado en 2019/2020, isto é: 84%. Os cambios son, porén, manifestos en relación co curso precedente. Neste que nos ocupa, a porcentaxe de materias que acadan unha taxa do 100% redúcese ao 6,75% (fronte ao 16,6% de 2019/2020), todas elas incluídas de novo en 4º curso. Pola súa banda, aumentan aquelas cuxa taxa de avaliación sitúase entre 90 e 99,99%, ao representar o 27,9% do total (fronte ao tamén 16,6% de 2019/2020); redúcense ata o 34,88% as que contan cunha taxa entre 80 e 89,99% (fronte ao 47,6% de 2019/2020), pese ao cal seguen a representar o grupo máis elevado; tamén aumentan lixeiramente as que se sitúan entre 70 e 79,99%, chegando ao 18,6% (fronte ao 16,6% de 2019/2020); e así mesmo o fan as que non chegan a este último tramo: un 11,63%. Este dato é obxectivamente peor que o acadado en 2019/2020, onde tan só unha única materia baixara dun 70% na taxa de avaliación, fronte ás cinco de 2020/2021; pero segue a ser mellor que o do curso anterior ao confinamento, cando representou o 15,9% en 2018/2019. Está claro que, tamén na taxa de avaliación, a nova normalidade que comentabamos no parágrafo anterior influíu na súa evolución durante o curso 2020/2021. Aínda que a porcentaxe do alumnado que se presentou ao 90-100% de todas as súas materias matriculadas superou por moi pouco á do curso precedente (cun 34,65% en 2020/2021 fronte ao

<sup>21</sup> A taxa de éxito sitúase entre 70 e 79,99% no 4,65% das materias, entre o 60 e o 69,99% noutro 4,65% e entre o 50 e o 59,99% no 2,32%.

33,2% do 2019/2020), é evidente que se trata dunha cantidade obxectivamente baixa, posto que a penas representa un terzo do total. A leve melloría non agocha, polo tanto, a nosa conclusión de que se segue a tratar dun resultado baixo que cumpre mellorar o vindeiro curso académico<sup>22</sup>.

De novo, o TFG presenta a taxa de avaliación máis baixa do total, situándose mesmo nunha porcentaxe que tiñamos superada hai xa cursos, cun 43,59% que é case dez puntos inferior ao 53,33% de 2019/2020. Coidamos que se trata dun resultado nada satisfactorio, o cal nos vai obrigar necesariamente a incrementar os nosos esforzos para cambiar esta tendencia (Táboa 6.a). Malia que se matricularon nove TFGs máis que no curso anterior, superándose mesmo a cantidade de 2018/2019, a defensa de tan só 17 deles é a que explica este resultado. Debemos recoñecer que nin a posta en funcionamento dos tribunais unipersoais no curso 2019/2020, nin tampouco a ampliación do número das convocatorias para a súa defensa no presente 2020/2021, tiveron o efecto esperado inicialmente. É bastante probable que o contexto da nova normalidade tamén teña influído na porcentaxe de TFGs defendidos, pero o que é evidente é que a suma dos TFGs non defendidos en 2019/2020, engadidos aos matriculados por vez primeira en 2020/2021 (a cal se deixou sentir no aumento xa sinalado), non se traduciu finalmente nun número maior deles defendidos, senón que tivo xusto o efecto contrario. En todo caso, seguimos pensando que a taxa desta materia debe ser mellorada, se ben recoñecemos que se trata dun obxectivo cuxa consecución presenta moitas dificultades de cara a ser acadado a curto prazo.

Táboa 6.a. TFG no Grao matriculados e defendidos

CURSO ACADÉMICO	TFG MATRICULADOS		TFG DEFENDIDOS	
	n.º		n.º	%
2018/2019	36		19	52,78
2019/2020	30		16	53,33
2020/2021	39		17	43,59
<b>TOTAL</b>	105		52	49,52

Porén, as cualificacións obtidas polo alumnado nesta materia, e que recolleemos na seguinte táboa, si son satisfactorias.

Táboa 6.b Cualificacións do TFG no Grao

CURSO ACADÉMICO	CUALIFICACIÓNS				TFG TOTAIS
	MH	Sobresaliente	Notable	Aprobado	
2018/2019	1	6	15	1	23
2019/2020	1	8	6	1	16
2020/2021	1	9	4	3	17
<b>Total</b>					<b>56</b>


Loxicamente, o mal resultado da taxa de avaliación no TFG tivo unha influencia negativa na evolución da taxa de gradación en 2020/2021, posto que, lonxe de recuperar o descenso que xa evidenciamos no anterior IRD (no que este dato pasou do 42,42% en 2018/2019 ao 38,24% en 2019/2020), esta pronunciou a súa caída ata se situar nun 27,27% (isto é, dez puntos por debaixo do curso precedente), afastándonos aínda máis da meta fixada hai xa algúns cursos, do 50%. Unha conclusión é manifesta: se a situación de alarma sanitaria vixente en 2019/2020 cambiou a tendencia desta taxa para poder converxer coa meta fixada, a nova normalidade do curso 2020/2021

<sup>22</sup> A taxa de avaliación sitúase entre 60 e 69,99% no 6,97% das materias, e no 2,32% tanto no tramo entre o 50 e o 59,99% como entre o 40 e o 49,99%.



contribuíu a incrementar as dificultades de cara a acadar este obxectivo. Deixando á marxe esta circunstancia e, así mesmo, o feito de que unha parte do alumnado matriculado na materia de TFG se trata de persoas repetidoras, cuxa defensa e aprobación dos seus TFGs non computa na taxa de graduación do curso académico no cal fan dita defensa, senón no curso correspondente á súa promoción; os datos referidos a esta cuestión que representamos no Gráfico 14, sitúannos ante unha problemática complexa. De feito, o noso alumnado matriculado no 4.º curso do Grao en 2020/2021 correspóndese coa promoción que iniciou os seus estudos superiores no noso Centro en 2017/2018, cun total de 53 matriculados/as dos que a quinta parte se acolleu á modalidade semipresencial. Pero mesmo tendo en conta que unha parte deste grupo tende a realizar os seus estudos universitarios nun lapso de tempo superior aos catro cursos-nivel da nosa titulación, é evidente que só unha parte reducida dos catro quintos restantes conseguiu rematar en tempo e forma os seus estudos superiores<sup>23</sup>.

Gráfico 14. Taxa de graduación no Grao en Xeografía e Historia (en %)



Non dispoñemos do dato relativo á duración media dos estudos para o curso académico a analizar, unha variable que necesariamente debemos contemplar á hora de nos achegar ás diversas causas que se agochan detrás do resultado xa comentado ao respecto da taxa de graduación.

Finalizaremos a análise deste criterio cos resultados procedentes das enquisas de satisfacción, nos que, unha vez máis, se repite a tendencia que vimos comentado nos apartados precedentes (Gráficos 15.a e 15.b). En primeiro lugar, constátase unha disociación entre a percepción que ten o alumnado do Grao e a que ten o do PCEO, se ben moito menos acusada que en 2019/2020. Neste caso concreto, é máis satisfactoria a valoración que fan os primeiros fronte aos segundos, cun 3,45 de media nos dous ítems computados fronte a un 3. Pero se nos fixamos na tendencia dos datos ao longo do trienio contemplado, percíbese, en segundo termo, todo o contrario: mentres que entre o alumnado do Grao se produce un retroceso de catro décimas en relación co valor medio do criterio acadado en 2019/2020, malia o cal, se segue a superar o valor de 2018/2019; pola contra, dun xeito inverso, se observa un aumento de cinco décimas na satisfacción que amosa o alumnado do PCEO.

<sup>23</sup>

Engádase ao xa sinalado, que o 32,35% do alumnado desta promoción que se matriculou por vez primeira en 2017/2018 abandonou a titulación en anos académicos posteriores, deixando o 53 inicial en 36, unha cifra que, por certo, se achega bastante á dos 39 TFGs matriculados en 2020/2021, dos que, como comentabamos, só se defendeu o 43,59% deles.

Gráfico 15.a. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultado de aprendizaxe servizos (Grao)





Gráfico 15.a. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultado de aprendizaxe servizos (Grao)



Así mesmo, o valor medio acadado polos dous ítems que integran este criterio nas enquisas de satisfacción dos egresados e das egresadas sitúase nun satisfactorio 4,16; e o do profesorado, nun 3,47, por certo, moi próximo ao do alumnado do Grao.

**Puntos febles detectados:**

- Taxa de avaliación reducida na materia TFG
- Taxa de gradación moi escasa

**Accións de mellora a implantar:**

- Reunión grupal do coordinador da materia TFG cos/as directores/as de ditos traballos ao remate do segundo cuadrimestre para estimar os posibles TFGs que

	<p>previsiblemente se van poder defender en tempo e forma na promoción que se gradúa no curso vixente</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunión do coordinador do TFG co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes</li> <li>• Identificar o perfil do alumnado con TFGs matriculados e non lidos, e seguimento con especial atención ao alumnado con TFG de longa duración</li> <li>• Identificar o perfil do alumnado non graduado en tempo e forma</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se se baseou a valoración:</b>  E4: Guías docentes das materias  E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)  E25/: Informes de cualificación por materia  EA11: Informes de prácticas</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>  I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción  I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)</p>	

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

### Valoración xenérica


Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

### Reflexión/Xustificación

En primeiro lugar, tal como xa adiantamos no criterio 1, por cuarto curso consecutivo superouse na matrícula o número das prazas ofertadas en 1.º curso da titulación, mesmo cun incremento do 24,48% respecto a 2019/2020 que valoramos moi positivamente (Gráfico 1).

En relación coas taxas de éxito, eficiencia e avaliación, cuxos respectivos valores e evolucións representamos conxuntamente no Gráfico 16, non imos engadir máis sobre a primeira e terceira delas ao xa comentado no apartado precedente, para centrar agora o noso foco de atención en exclusiva na eficiencia. Por segundo ano académico consecutivo, esta volve experimentar un novo descenso de catro puntos, idéntico ao que xa se rexistrou o curso pasado, para se situar nun valor idéntico ao da taxa de avaliación, isto é: 84%. Finalmente, a emerxencia sanitaria de 2019/2020 e a nova normalidade de 2020/2021 contribuíron a reforzar a relación que manteñen ambas as dúas taxas, se ben estas se sitúan oito puntos por debaixo do valor acadado en 2018/2019. É evidente que debemos centrar os nosos esforzos en intentar alcanzar de novo a ese valor, se ben debemos ser realistas e non perder de vista os obstáculos xa sinalados no apartado precedente ao nos referir á taxa de avaliación.

Gráfico 16. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación (en %)



Pola súa banda, a taxa de rendemento sitúase nun 76%, un punto por debaixo de 2019/2020 e dous da meta fixada, se ben, a diferenza das tres taxas xa comentadas, neste caso lógrase conter en certa medida o efecto da caída máis pronunciada que se evidencia naquelas outras, manténdose o resultado máis elevado que o de 2018/2019. Na Táboa 7 pódese comprobar como a redución no número de materias cunha taxa de rendemento entre 90% e 100% en relación co curso precedente, se ve compensada claramente por aquelas que se sitúan entre 80 e 89,99%, as cales representan agora o 44,18% do total. E así mesmo, ponse de manifesto que se produciu un ascenso das que se atopan por debaixo do 60%, supoñendo un 16,27% do total. Xa que logo, a mencionada contención da taxa de rendemento tampouco é allea a baixada xeneralizada que vimos comentando e que poñemos en relación coa nova normalidade.

Táboa 7. Taxa de rendemento agrupada no Grao en Xeografía e Historia

Taxa de rendemento	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021
100%	6	4	1
90% ao 99,99%	8	5	4
80% ao 89,99%	13	13	19
70% ao 79,99%	6	15	6
60% ao 69,99%	7	1	6
50% ao 59,99%	1	3	4
Inferior ao 50%	3	1	3

Unha rápida ollada ás Táboas 9 e 10, onde se recollen as materias que acadaron nos últimos tres cursos unha taxa máxima de rendemento do 100% , como así mesmo aquelas que presentan unha taxa inferior ao 50%,

permítenos confirmar esta argumentación<sup>24</sup>. Só unha materia chega ao 100%, cursándose, coma no caso daquelas outras que acadaron este mesmo valor nos anos académicos precedentes, no 4.º curso da titulación, cun matiz que debemos engadir nesta ocasión: esta en concreto non se impartiu e o alumnado matriculado nela só se examinou dela. Isto é, en ningunha materia cursada en realidade polo alumando se logrou chegar a unha taxa de rendemento do 100%.

Táboa 8. Materias con maior taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

Materia con maior taxa de rendemento	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021
<G251901 Historia de América contemporánea	100%		
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas			
G251909 Historia do poder e das institucións			
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social			
G251912 Historia moderna de Galicia			
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica			
G251906 Historia da arte de Galicia		100%	
G251911 Historia contemporánea de Galicia			
G251912 Historia moderna de Galicia			
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica			
G251911 Historia contemporánea de Galicia			
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas			100%

Táboa 9. Materias con taxa de rendemento inferior ao 50% no Grao en Xeografía e Historia

Materia taxa de rendemento inferior ao 50%	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020	Curso 2020/2021
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	42,59%		
G251305 Paleografía	42,31%		
G251603 Historia moderna de España	44,83%		


<sup>24</sup> A diferenza da medición que viñamos realizando en IRD anteriores, neste en concreto e en vindeiros imos incluír de xeito específico na matriz de datos na que se recollen as materias con menor taxa de rendemento, só aquelas que non chegan á metade do valor acadado por aquelas outras que presentan o valor máximo, que neste caso se sitúa no 100% nos tres cursos académicos comprendidos polo trienio contemplado, dentro do cal se inxire o 2020/2021. Deste xeito, a mostra axústase mellor á baixada xa comentada no corpo principal do texto do presente IRD. En base a este mesmo criterio, non descartamos ter que efectuar novos axustes neste sentido en cursos vindeiros, se se dese caso, por exemplo, de que ningunha materia chegue ao 100% de rendemento.

G251105 Historia de América precolombina e colonial		49,21%	
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			33,33%
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe			
G251991 Traballo de Fin de Grao			43,59%

En definitiva, todo parece indicar que se impuxo unha situación bastante distinta ao do curso 2019/2020, no que as enormes dificultades que se produciron durante o seu segundo cuadrimestre debido á urxencia sanitaria se saldaron cun efecto positivo na taxa de rendemento; mentres que a nova normalidade de 2020/2021 veu acompañada dunha redución palpable das taxas de éxito, eficiencia e avaliación, a cal tamén se manifestou, aínda que dun xeito máis contido, na de rendemento.

Respecto á taxa de abandono, conséntase unha nova redución por segundo curso consecutivo da mesma (Gráfico 17). Malia que en 2019/2020 a redución foi de 10 puntos, e en 2020/2021 resultou algo menor, situándose en 4 puntos, coidamos que o máis importante neste sentido é que, ademais de superar a meta prevista (fixada nun 25%), este resultado permite afastar a titulación dunhas taxas de abandono certamente notables que se viñan arrastrando dende bastantes cursos académicos atrás<sup>25</sup>. Con isto non queremos dicir que o dato obxectivo de que só pouco máis dun quinto do alumnado de primeira matrícula que abandone o Grao sexa un bo dato. Todo o contrario. De feito, coidamos que unha análise detallada do perfil do alumnado que abandona a titulación pode contribuír a detectar posibles motivos non percibidos ata o de agora; como por exemplo, comprobar se a taxa de abandono é maior ou non entre o alumnado que se acolleu á modalidade semipresencial. Polo tanto, valoramos positivamente este resultado, pero somos conscientes de que deberíamos melloralo aínda máis nos cursos vindeiros.

Gráfico 17. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia (en %)



<sup>25</sup> Téñase en conta que a taxa de abandono situouse no 30,3% no curso 2016/2017, no 32,25% en 2017/2018 e en 36,36% en 2018/2019.

Tal como fixemos nos apartados precedentes, remataremos a análise deste criterio centrándonos nos resultados que ofrecen as enquisas de satisfacción. No gráfico 18 podemos observar que a porcentaxe da participación no curso que nos ocupa foi dez puntos inferior á de 2019/2020, e mesmo tamén se reduciu entre o alumnado do PCEO, cunha participación do 80% (polo tanto, vinte puntos inferior ao 100% acadado en 2019/2020). Porén, coidamos que o dato segue a ser positivo e supera con creces o valor de 2018/2019, permitindo constatar o traballo de concienciación por parte da coordinación de Calidade.

Gráfico 18. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia





Gráfico 19. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción



O resultado global sitúase nun nivel moi próximo ao de 2019/2020 (Gráfico 19). Así que, a pesar da complexidade que implicou o curso da nova normalidade, o noso alumnado amosouse moderadamente satisfeito co Grao, o cal valoramos positivamente. Aínda que certamente máis comedido, a satisfacción xeral do alumnado do PCEO acada un aceptable 3,33, medio punto por debaixo dos seus compañeiros/as do Grao e sete décimas superior ao dato de 2019/2020 (2,63). Tamén neste criterio este segundo grupo, malia amosar un resultado máis baixo que o primeiro, presenta unha tendencia alcista na súa evolución que desexamos poder manter e consolidar en vindeiros cursos para lograr a converxencia xa sinalada ao longo deste IRD.

Por segundo ano consecutivo, confírmase un aumento continuado na participación nas enquisas de satisfacción por parte das persoas egresadas. Así mesmo, o resultado da súa satisfacción xeral sitúase en 4,21, un punto e cinco centésimas por riba do valor acadado en 2019/2020. As poucas persoas que cumprimentaron as preguntas abertas nas enquisas (só 6), coinciden en salientar a implicación e trato próximo do profesorado do Grao, como en poñer de manifesto a súa preferencia por determinados ámbitos do coñecemento humanístico dentro da ampla pluralidade e diversidade dos mesmos que se imparten nel, o cal é un signo de identidade da nosa titulación, ou no escaso tempo de que se dispón para impartir as materias.

No caso do profesorado, en relación coa resposta á pregunta n.º 20 das súas enquisas, a totalidade do colectivo declara estar satisfeito coa titulación. E finalmente, entre as tamén poucas respostas abertas que deu o PAS sobre a titulación nas súas enquisas, valórase positivamente a acollida case persoal que se lle fai ao alumnado e a docencia semipresencial.

Recóllense na seguinte táboa, os ítems mellor valorados relativos ao alumnado do Grao e ás persoas tituladas, sobre os cales xa non imos incidir máis posto que foron analizados polo miúdo en cada un dos criterios anteriores.



	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado de grao	2020/2021	71,43%	3,87%	-A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,25</b>	O cumprimento das túas expectativas formativas: <b>3,40</b>
				-Os horarios da titulación: <b>4,21</b>	A coordinación entre as materias do plan de estudos: <b>3,47</b>
				-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>4,15</b>	A formación adquirida: <b>3,55</b>
	2019/2020	81%	3,87	-A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,33</b>	A coordinación entre as materias do plan de estudos: <b>3,50</b>
				-Os espazos para o traballo autónomo: <b>4,24</b>	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...): <b>3,55</b>
				-Os horarios da titulación: <b>4,00</b> -O calendario das probas de avaliación: <b>4,00</b>	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: <b>3,64</b>
	2018/2019	55%	3,21	-A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>4,00</b>	As aulas e o seu equipamento: <b>2,20</b>
				A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>3,91</b> -A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>3,91</b>	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: <b>2,40</b>
				A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): <b>3,82</b>	A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación: <b>2,55</b>

<b>Persoas tituladas</b>	2020/2021	18%	3,38	-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b>	-A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b>	
				-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b>	-O desempeño do profesorado: <b>2,00</b>	
				-Duración das prácticas: <b>5,00</b>		
					A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b>	-A orientación académica recibida: <b>2,50</b>
					-As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : <b>2,50</b>	
					-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>3,50</b>	-A utilidade da páxina web da titulación: <b>3,00</b>
					-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>3,50</b>	-As aulas e laboratorios: <b>3,00</b>
					-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,50</b>	-A formación adquirida: <b>3,00</b>
	2019/2020	53%	3,16		-Formación adquirida na práctica: <b>4,14</b>	A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b>
					-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>4,00</b>	As aulas e laboratorios: <b>2,30</b>
				-Duración das prácticas: <b>3,86</b>	A distribución das materias do plan de estudos: <b>2,60</b>	
2018/2019	50%	3,30		-Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): <b>4,5</b>	A orientación profesional e laboral: <b>1,67</b>	
				-As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...) : <b>4,5</b>		
				-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: <b>4,00</b>	-A orientación académica para continuar os estudos: <b>2,00</b>	

				-A cualificación do profesorado: <b>4,00</b>	-Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): <b>2,00</b>
				-A actualización dos contidos: <b>3,67</b> -As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: <b>3,67</b> -A xestión da calidade na titulación: <b>3,67</b> -As infraestruturas e os materiais dispoñibles: <b>3,67</b>	A cualificación do persoal de administración e servizos: <b>2,33</b>
<b>Puntos febles detectados:</b>				<b>Accións de mellora a implantar:</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Taxa de abandono con tendencia ao descenso, pero elevada</li> <li>• Descenso na participación do alumnado nas enquisas de satisfacción</li> </ul>				<ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizar polo miúdo que sectores do estudantado presentan unha maior taxa de abandono</li> <li>• Xuntanza do decano co/a delegado/a de 3.º curso para que este/a informe aos seus compañeiros/as de curso, da utilidade destas enquisas para a mellora da Calidade da titulación</li> </ul>	
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>					
E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC					
<b>Indicadores:</b>					
I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico					
I12: Evolución dos indicadores de resultados					
□ Taxa de gradación					
□ Taxa de abandono					
□ Taxa de eficiencia					
□ Taxa de rendemento					
□ Taxa de éxito					
□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)					
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso					
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego					
I010-D0: Duración media dos estudos					

## Seguimento da titulación: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO


#### Valoración xenérica

O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada, e, durante o curso 2020/2021, o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada, no segundo curso consecutivo no a titulación está adscrita exclusivamente á Facultade de Historia.

#### Reflexión/Xustificación

Durante o curso 2020/2021 houbo 19 novas matrículas, dous menos que no curso precedente pero continuou superándose o nivel da baixada de matrícula evidenciada en 2018/2019.

Gráfico 20. Estudiantes de primeira matrícula no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Tal como se pode observar na Táboa 10, segue a predominar un perfil multidisciplinario entre o alumnado, en consonancia co título. Neste que nos ocupa, o estudantado procedente de titulacións universitarias do ámbito humanístico reduciuse ao 52,62% fronte ao 66% de 2019/2020, mentres que posúe un perfil tecnolóxico e conservación e restauración ascendeu ata o 26,36%.

Táboa 10. Perfil do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

	Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	n.º	%
2021/2021	Título de Licenciado ou Licenciada	Licenciado en Dereito	1	5,26
		Licenciado en Historia	3	15,79
		Licenciado en Historia da Arte	1	5,26
		Licenciado en Xeografía e Historia	1	5,26
	Título de Enxeñeiro Técnico	Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	1	5,26
	Títulos superiores de Ensinanzas Artísticas	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais	1	5,26
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Estudos realizados no estranxeiro	2	10,53
	Títulos de grao	Graduado en Xeografía e Historia	3	15,79
		Graduado en Edificación	2	10,53
		Graduado en Turismo	1	5,26
		Graduado en Arquitectura	1	5,26
		Graduado en Humanidades: Historia Cultural	1	5,26
		Graduado en Arqueoloxía	1	5,26
<b>Total</b>		<b>19</b>	<b>100</b>	

En canto á súa procedencia xeográfica (Táboa 11), segue constatándose o predominio do alumnado de orixe galega, cun lixeiro aumento en relación curso pasado, tras ascender do 66,6% en 2109/2020 ao 69,69% actual, destacando principalmente a provincia de Pontevedra (33,22%), que relega á de Ourense ao segundo posto (24,24%). O 18,18% procede doutras comunidades autónomas de España e Portugal, e 6% restante de América Latina, concretamente de Ecuador. Téñase en conta, que a modalidade en que se imparte a docencia nesta titulación

é a virtual, polo que este alumnado non precisa desprazarse ata o Centro para a realización das actividades académicas vinculadas á mesma.

Taboa 11. Procedencia xeográfica do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural no curso 2020/2021

PROVINCIA/PAÍS	LOCALIDADE	n.º
A CORUÑA	Teo	1
	Ordes	1
	Culleredo	1
	As Somozas	1
<b>TOTAL</b>		4
LUGO	O Saviñao	1
	Bóveda	1
<b>TOTAL</b>		2
OURENSE	Xinzo de Limia	1
	Ourense	6
	Padrenda	1
<b>TOTAL</b>		8
PONTEVEDRA	A Guarda	1
	Salvaterra de Miño	1
	Vigo	4
	Cangas	1
	Silleda	1
	Sanxenxo	1
	As Neves	1
	Caldas de Reis	1
<b>TOTAL</b>		11
BARCELONA	Barcelona	1
TARRAGONA	Tarragona	1
ASTURIAS	Gijón	1
CÁDIZ	Cádiz	1
SEVILLA	Valencina de la Concepción	1
PORTUGAL	Chaves	1
ECUADOR	Loja	1
	Cuenca	1

Táboa 12. Nota de acceso ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Curso		Nota media Home	Nota media Muller	Nota media total
2020/2021	Licenciado en Dereito		7,148	7,148
	Licenciado en Historia	-	**3,789	**3,789
	Licenciado en Historia da Arte	-	5,000	5,000
	Licenciado en Xeografía e Historia	-	**3,000	**3,000
	Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias	-	*	*
	Titulado Superior Conservación e Restauración de Bens Culturais	*	-	*
	Estudios realizados no estranxeiro	*	*	*
	Graduado en Xeografía e Historia	8,698	6,805	7,436
	Graduado en Edificación	5,305		5,305
	Graduado en Turismo	8,020		8,020
	Graduado en Arquitectura	7,210		7,210
	Graduado en Humanidades: Historia Cultural	8,100		8,100
	Graduado en Arqueoloxía	7,190		7,190
	Nota media			

\* Alumnado que accede sen nota media de expediente académico

\*\* Alumnado que accede con nota media de expediente académico en base 4

Na Táboa 12 recóllese a nota media de acceso. Como é habitual nesta táboa que proporciona a Unidade de Estudos e Programas da UVigo nunca se contemplan as notas de accesos de todo o alumnado, e neste caso faltan catro. Se nos centramos en exclusiva naqueles nos que esta está expresada sobre 10, se confirma o lixeiro ascenso xa sinalado en 2019/2020, ao se situar en 7,05 en 2020/2021.

Ao ser un título que se imparte exclusivamente en modalidade semipresencial, o seu desenvolvemento, a nivel xenérico/metodolóxico, non se veu afectado pola nova normalidade. A docencia impártese a través da plataforma e-meeting da UVigo e as clases son gravadas e subidas á plataforma onde se encontra o material docente de cada materia. Así mesmo, recuperouse a dinámica das materias de TFM e Prácticas Externas logo de se ter superado a complexa situación que se produciu no segundo cuadrimestre do curso 2019/2020 por mor do Estado de Alarma.


Táboa 13. Alumnado participante en programas de mobilidade internacional no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Curso	a. Estudantes saíntes	b. Estudantes entrantes	c. Total (a+b)	d. Estudantes matriculados	% de c. sobre d.
2018/2019	0	1	1	28	3,5
2019/2020	0	2	2	39	5,1
2020/2021	1	0	1	29	3,4
<b>TOTAL</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>96</b>	<b>4,2</b>

A diferenza dos dous cursos académicos previos, neste que nos ocupa debemos salientar que un alumno do Mestrado participou en programas de mobilidade internacional (Táboa 13). Tal e como sinalamos en relación co lugar de orixe da matrícula, contamos cun alumno portugués e outros dous latinoamericanos oriúndos de Ecuador.

A participación na enquisa de satisfacción do alumnado sitúase por segundo curso consecutivo nun niveis aceptables, se ben o seu 55% está sete puntos por debaixo do 62% de 2019/2020. Esta baixada tamén se traslada á puntuación global, que pasa do 3,32 no curso precedente ao 2,93 do actual. Se nos fixamos nos seis ítems que integran este criterio, só dous deles se sitúan por riba do 3 (utilidade das prácticas e horarios da titulación) e, dos catro restantes, o peor valorado é o PAT cun 2,5. Pódense consultar as actividades do PAT no informe que está publicado na web da Facultade no seguinte enlace: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2\\_DO-0203\\_P1\\_mhtco3\\_2020-21.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2020-21.pdf)

Gráfico 21. Satisfacción do alumnado co criterio 1. Organización e desenvolvemento (Mestrado)



Respecto ás persoas tituladas (cuxa participación nas enquisas experimenta unha baixada para se situar en 18%) cualifican en global este criterio con 4,36, case oito décimas máis que en 2019/2020 (3,57). Por preguntas obteñen a máis elevada (4,67) a distribución das materias, a actualización dos contidos e as metodoloxías empregadas



no ensino. A orientación profesional continúa ser a peor valorada, cun 3,67. Tamén o profesorado valora dun xeito conxunto as seis preguntas deste criterio cun 4,36. Os ítems mellor valorados son o calendario de avaliación (4,67) e a organización temporal das materias (4,6), mentres que os que presentan o peor resultado son a coordinación entre as materias (4,1) e as prácticas (4).

**Puntos débiles detectados:**

- Descoñecemento do significado do PAT e das súas actuacións
- Escasa valoración das actividades relacionadas coa orientación profesional
- Redución da satisfacción do alumnado do Mestrado coa meirande parte dos ítems relacionados coa organización e desenvolvemento

**Accións de mellora a implantar:**

- Aumentar as reunións co alumnado por parte da coordinación do PAT, para explicarlles as súas funcións e actuacións
- Aumentar as actividades informativas sobre orientación profesional
- Identificar por parte da coordinación desta titulación os motivos que explican esta redución

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

### Valoración xenérica

O título dispón de mecanismos para comunicar aos seus grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible de maneira axeitada, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo cumprindo.

### Reflexión/ Xustificación

A información deste mestrado atópase nunha web propia <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/> estando ao cargo do seu Coordinador subministrarlle á empresa contratada (a mesma que a Facultade de Historia) as correspondentes novidades coas que proceder á súa actualización. Por este motivo, na web do Centro só se inclúe unha información básica desta titulación (<http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/>) cunha descrición xenérica e dous enlaces, un que remire á súa memoria e outro á mencionada web.

Xa comentamos noutros IRD anteriores que nesta titulación se emprega a plataforma docente MooVi da UVigo como un medio habitual de información para o alumnado. A Coordinación informa puntualmente de todas as novidades tanto ao profesorado como ao alumnado, e dispón dunha aula virtual dende a que se leva a cabo a sesión de acollida ao estudantado, a exposición das liñas propostas polo profesorado para a dirección de TFM e presentación dos aspectos fundamentais das Prácticas Externas. Cada docente dispón, así mesmo, dun despacho no Campus remoto da UVigo para atender ás titorías virtuais do alumnado desta titulación, que, lembremos, se imparte na súa totalidade dun xeito virtual. Pola súa banda, tamén dende as redes sociais da Facultade de Historia se publica información de interese para o alumnado do Mestrado sobre convocatorias oficiais, cursos de especialización formativa ou ofertas de traballo.

En relación con este criterio en concreto, os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado acadan unha puntuación tres décimas inferior á de 2019/2020, pasando do 3,36 acadado entón ao 3,03 en 2020/2021. O ítem que segue a alcanzar a puntuación máis alta, igual que no curso pasado, neste cun 3,45, é a utilidade da páxina web, repetíndose este mesmo valor no ítem relativo á información a través doutros soportes. Pola contra, a información de actividades extra-curriculares, que depende máis dos servizos centrais que do Centro, volve ser o máis baixo, cun 1,89, que recoñecemos nada satisfactorio.

A valoración que fan as persoas tituladas deste criterio acada a máxima puntuación dun 5, e no profesorado sitúase no 4,42 (sendo o ítem mellor valorado información transmitida a través doutros soportes [4,56], e o peor a web da titulación [4,3]).

#### Puntos febles detectados:

- Baixa valoración sobre a información referida ás actividades extra-académicas

#### Accións de mellora a implantar:

- Informar á vicerreitoría do campus de Ourense e á vicerreitoría de Comunicación da necesidade de achegar a súa información ao alumnado do Mestrado

#### Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)  
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública  
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

#### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción

coa web e/ou a información pública.

### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

#### **Valoración xenérica**

A Facultade de Historia dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

#### **Reflexión/ Xustificación**

Na medida en que o Sistema de Calidade depende directamente do Centro, remitimos para este apartado ao xa sinalado no criterio 3 referido ao Grao e o PCEO para os aspectos xenéricos.

Na única pregunta que se inclúe nas enquisas de satisfacción sobre o Sistema é a referida á Caixa QSP, a cal acadou unha puntuación de 2,25, case sete décimas inferior ao 2,92 de 2019/2020. Reiteramos a argumentación xa exposta no anterior IRD ao respecto deste criterio: é moi probable que unha parte considerable do alumnado do Mestrado descoñeza a posibilidade de expresar a súa opinión a través deste medio institucional. Agora ben, a diferenza de entón, en 2020/2021, a valoración que fan as persoas tituladas deste criterio experimenta unha mellora de certa consideración, ao pasar do 2,33 en 2019/2020 ao 4,5 en 2020/2021. Un resultado que, de novo, se achega ao que ofrecen as enquisas de satisfacción cumprimentadas polo profesorado para este mesmo criterio: 4,3.

Xa comentamos no criterio 1 que rexistramos unha boa porcentaxe de participación do alumnado deste título nas enquisas de satisfacción. Malia que o 55% alcanzado resulta sensiblemente inferior ao do curso académico precedente, cremos que segue a ser un bo dato.

#### **Puntos febles detectados:**

- Descoñecemento polo alumnado da canle de QSP

#### **Accións de mellora a implantar:**

- Difundir entre o alumnado a utilidade do recurso das QSP para expor a súa opinión

#### **Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

#### **Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**

### **Valoración Xenérica**

O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

### **Reflexión/Xustificación:**

Na web do título actualízanse cada curso os datos do profesorado, os cales se poden consultar no seguinte enlace <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/g/docencia/profesorado>

O PDI conta coa cualificación precisa para impartir a docencia asignada e atender as necesidades formativas do alumnado. En 2020/2021 non houbo cambios significativos neste grupo respecto ao curso anterior, manténdose o seu perfil multidisciplinario de acordo coa memoria do título; cun total de 31 docentes, pertencendo 17 deles á UVigo e os 14 restantes externos. Para abonar as horas de docencia do profesorado externo emprégase parte do orzamento asignado ao título. Neste caso en concreto, é moi probable que o indicador I02-PE referido á cualificación do PDI, non estea a recoller a realidade da titulación, xa que o 73% resultante non reflicte a porcentaxe real de docentes doutores que imparten docencia nela: 15 sobre 31 (polo tanto, algo menos da metade da súa planta). Coidamos, pois, que o cálculo de dita taxa, que toma en consideración as horas de docencia impartidas polo PDI doutor e non o número total de PDI doutor que imparte a docencia na titulación, non contribúe a un achegamento real a parte dos aspectos que debemos valorar neste criterio. Algo semellante acontece co indicador I03-PE que se refire aos sexenios do PDI, posto que nesta titulación de post-grao contribúe a ofrecer unha realidade bastante distorsionada, cun resultado do 90,91%. Esta porcentaxe non se calcula sobre o conxunto dos 31 docentes da titulación, nin tampouco sobre os 17 integrados na planta da UVigo, senón que dentro destes últimos, só toma en consideración a aqueles 11 que teñen posibilidade de acceder ao recoñecemento académico da súa actividade investigadora. É dicir, o 90,91% refírese exclusivamente a un terzo e non ao total dos 31.

A valoración que acada este criterio nas enquisas de satisfacción do profesorado é dun 4,19 de media para as dúas preguntas que comprende.

A Área Académica de Mestrado e Doutoramento do Campus de Ourense, que é o servizo administrativo encargado dos mestrados deste campus, atende as cuestións administrativas desta titulación de post-grao. O resultado das enquisas de satisfacción do PAS acada un 2,5 de media nas dúas preguntas sobre deste criterio, que representa un descenso dun punto e medio respecto de 2019/2020 (3,92).

Se temos en conta o grao de satisfacción do alumnado do mestrado, as EAD, que de novo se volveron realizar on line a través da Secretaría Virtual, permiten comprobar que se produciu un moderado ascenso no seu grao de satisfacción co sector do PDI, ao pasar de 4,05 en 2019/2020 a 4,28 en 2020/2021. Así mesmo, o resultado das enquisas de satisfacción sobre este criterio acada un 3,5.

En canto ao grupo de egresados e egresadas, os dous ítems referidos a este criterio reflicten a diferenza que constatamos entre o alumnado no parágrafo precedente, se ben non debemos perder de vistas que neste caso se trata dun grupo moi reducido de enquisados: mentres que o PDI é valorado coa máxima puntuación de 5, o PAS recibe un 4. Aumenta sensiblemente, polo tanto, a diferenza que xa constatamos en 2019/2020, cando o PDI fora valorado cun 4,75 e o PAS cun 4.

<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Baixa puntuación acadada neste criterio nas enquisas de satisfacción cumprimentadas polo PAS</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Organizar unha reunión co PAS implicado no Mestrado para coñecer cal o cales poden ser os motivos que explican dita baixada</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b></p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

<p><b>Valoración Xenérica</b></p> <p>Os recursos materiais e servizos son axeitados para as necesidades do título e as súas características, permitindo ao alumnado adquirir as competencias descritas na Memoria.</p>
<p><b>Reflexión/Xustificación</b></p> <p>Dado que esta titulación está adscrita á Facultade de Historia, o alumnado matriculado no Mestrado dispón de todos os recursos materiais e servizos propios do Centro. Tal como xa se comentou no criterio 1, a docencia impártese na modalidade semipresencial a través da plataforma de e-meeting, para cuxo correcto funcionamento ou a resolución de problemas resulta imprescindible o apoio dos servizos centrais da UVigo-TV. Así mesmo, o alumnado ten á súa disposición na plataforma de teledocencia Moovi da UVigo todo o material da cada materia e as sesións docentes gravadas.</p> <p>As instalacións onde se realizan as Prácticas Externas dependen das institucións ou empresas coas que se asinan convenios e reúnen as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.</p>

Se nos fixamos nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado referidos a este criterio, podemos comprobar, en primeiro lugar, que se produce un aumento no seu nivel de satisfacción respecto do curso pasado, ao medar do 3,31 en 2019/2020 ao 3,93 actual; e, en segundo lugar, que se cambia substancialmente a orde nos ítems mellor valorados en relación co curso precedente: os espazos para o traballo autónomo acada a valoración máis elevada cun 4,5, seguidos polos laboratorios cun 4, as aulas cun 3,67 e en último lugar a plataforma de teledocencia cun 3,55 (tamén no curso 2019/2020 foi o ítem peor valorado). Porén, o valor numérico deste último ítem non resulta nada satisfactorio se temos en conta que, por segundo curso consecutivo, acada a peor puntuación a que consideramos ferramenta docente básica desta titulación.

Do mesmo xeito que acontece cos criterios xa analizados, tamén neste é máis elevada a satisfacción das persoas tituladas, cun 4,39 de media para as tres preguntas recollidas nas enquisas, e unha orde algo distinta nas súas valoracións: a puntuación máis elevada a recibe a plataforma de teledocencia cun 4,67, seguida dos espazos para o traballo autónomo cun 4,5 (nótese aquí a coincidencia coa puntuación deste ítem no alumnado) e as aulas cun 4. Así mesmo, a puntuación media da satisfacción do profesorado sobre este criterio sitúase en 4,52, dentro da cal, os espazos para o traballo autónomo reciben un 4,71, a plataforma de teledocencia un 4,7, as aulas un 4,38 e os laboratorios un 4,29.

**Puntos febles detectados:**

- Reiteración da peor puntuación acadada pola satisfacción coa plataforma de teledocencia por parte do alumnado

**Accións de mellora a implantar:**

- Identificar por parte da coordinación desta titulación os motivos que explican esta redución

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título  
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT  
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.  
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título  
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia  
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos  
 I08-DO: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas  
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.  
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

### Valoración Xenérica

Os resultados de aprendizaxe son coherentes co perfil de egreso.

## Reflexión/Xustificación

Comezamos a reflexión deste criterio coa análise dos datos sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia (Táboa 14).

Táboa 14. Taxa de éxito, rendemento e avaliación de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (en %)

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	100	84,21	84,21
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	100	73,68	73,68
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	86,67	78,95	68,42
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	100	63,64	63,64
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	100	60,87	60,87
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	100	77,78	77,78
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	91,67	52,17	47,83
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	100	57,14	57,14
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	88,89	50,00	44,44
M143111 Introducción á topografía e produción cartográfica	100	68,42	68,42
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	100	50,00	50,00
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	100	40,00	40,00
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	100	57,14	57,14
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100	66,67	66,67
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100	38,46	38,46
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	100	46,67	46,67
M143213 Prácticas	100	50,00	50,00
M143214 Traballo Fin de Máster	100	28,57	28,57
M143215 Educación patrimonial e innovación social	100	60,00	60,00
M143216 Patrimonio cultural e turismo	100	66,67	66,67
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	100	33,33	33,33
M143218 Técnicas non destructivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	100	20,00	20,00

A taxa de éxito (Gráfico 22) experimenta un incremento de dous puntos sobre o resultado dos dous cursos precedentes, situándose no 98% e logrando superar en dous puntos a meta proposta. Isto se traduce no feito de que na meirande parte das materias todo o alumnado que se presenta ao exame ou proba equivalente o supera, e só hai tres materias que non chegan ao 100%, presentando, non obstante entre o 86,67% e o 91,67%.

Porén, a taxa de avaliación, que mide a relación entre número de créditos presentados e os matriculados, sitúase por segundo curso consecutivo nunha tendencia descendente (Gráfico 23), cun 75%, tres puntos por debaixo do valor de 2019/2020. Se analizamos a porcentaxe de materias se detecta unha gran variedade. Ningunha materia supera o 90%. Entre o 80 e o 89,99% se encontran o 4,34%; entre o 70 e o 79,99%, o 13,04% (por debaixo do 18,1% de 2019/2020); entre o 60 e o 69,99%, o 26,08% (algo máis do 22,7% en 2019/2020); e entre o 50 e o 59,99%, outro 26,08%. As seis materias restantes non acadan unha taxa de avaliación de 50%, superando á única que se atopou neste nivel o curso pasado, e en dúas delas está entre o 20 e o 29,99%, sendo unha dela o TFM. Reiteramos, polo tanto, a argumentación exposta no anterior IRD: trátase de datos que non resultan satisfactorios e que poden estar condicionados polas circunstancias propias dun alumnado que, nalgúns casos, combina os estudos deste título de post-grao cunha actividade profesional.

Gráfico 22. Taxa de éxito do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural






Gráfico 23. Taxa de avaliación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Tamén a taxa de graduación describe unha baixada, nesta caso de consideración ao tratarse de dez puntos en relación a 2019/2020, se ben continúa por riba do dato de 2018/2019, afastándose da meta fixada en 65% (Gráfico 24). É evidente que este retroceso equivalente a trece puntos e medio sobre a meta tampouco é un dato satisfactorio.



Gráfico 24. Taxa de graduación no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



A diferenza dos dous cursos precedentes, a taxa de avaliación do TFM non é a máis baixa de todas as materias, pero si se trata da segunda máis baixa do total cun 28,57%. Tamén se aprecia unha baixada no número de TFMs matriculados que nos sitúa en valores moi próximos a 2018/2019, se ben, o menor número deles defendidos ten como consecuencia esa baixísima porcentaxe (Táboa 15.a). É moi posible que neste caso, ademais da situación profesional de parte do alumnado matriculado xa sinalada, tamén poida ter influído o efecto da nova normalidade que, como vimos, se deixou sentir na porcentaxe de TFGs defendidos no Grao en Xeografía e Historia.

Táboa 15.a. Relación de TFM matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO	TFM MATRICULADOS	TFM DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	%
2018/2019	27	9	33,33%
2019/2020	34	16	47,05%
2020/2021	28	8	28,57%
<b>Totais</b>	<b>89</b>	<b>33</b>	<b>37,08%</b>


Táboa 15.b. Cualificacións do TFM no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO	CUALIFICACIÓNS				TFM TOTAIS
	MH	Sobresáinte	Notable	Aprobado	
2018/2019	1	3	4	1	9
2019/2020	0	3	11	2	16
2020/2021	1	1	4	2	8
<b>Total</b>					<b>33</b>

Se reparamos nas cualificacións dos TFMs (Táboa 15.b), a maior parte do alumnado volve obter un Notable (un 50%, bastante por debaixo de case 69% de 2019/2020), pero aínda que se mantén o mesmo número que logran un aprobado en relación co curso pasado, o feito de que se teñan defendido xusto a metade, isto trae consigo que representen xusto o dobre: 25% fronte ao 12,5% en 2019/2020. Tampouco consideramos este resultado satisfactorio.


Pola súa banda, malia que a taxa de abandono está dous puntos por riba do valor de 2019/2020, podemos considerar o 12,5% de 2020/2021 como unha cifra que, non sendo totalmente satisfactoria, nos sitúa por segundo curso académico consecutivo nunha boa tendencia, aínda que non se teña acadado a meta fixada en 10%.

Gráfico 25. Taxa de abandono no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (%)



O valor global deste criterio acadado nas enquisas de satisfacción é de 3,18, superando lixeiramente o resultado do curso pasado. Os resultados dos dous ítems valorados nel están desglosados no seguinte Gráfico 26.

Gráfico 26. Satisfacción do alumnado co criterio 6. Resultados de aprendizaxe (Mestrado)



En canto ás persoas tituladas, tamén neste criterio o valor global deste criterio é superior, cun 4,5 (4,67 a formación adquirida e 4,33 a utilidade de dita formación para a carreira profesional) que supera nun punto ao resultado de 2019/2020. Finalmente, entre o profesorado o resultado acadado de media para os dous ítems deste criterio o 4,31.

**Puntos febles detectados:**

- Taxa de avaliación moi reducida da materia TFM
- Materias con taxas de rendemento e avaliación por baixo do 30-35% (aparte del TFM)

**Accións de mellora a implantar:**

- Reunión do coordinador do TFM co alumnado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM
- Reunión do coordinador co profesorado que imparte estas materias

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

### Valoración xenérica

Os resultados da taxa de rendemento e das enquisas de satisfacción resultan congruentes co deseño, a xestión e os recursos do título.


### Reflexión/Xustificación

Se no apartado anterior analizamos as taxas de éxito, avaliación, gradación e abandono, neste dirixiremos o noso foco de atención aos resultados da taxa de rendemento, de xeito global e pormenorizado por materias, e os resultados das enquisas de satisfacción incluíndo as preguntas abertas.

Comezando pola taxa de rendemento, acadado o 52%, evidenciándose un novo descenso en relación con 2019/2020 en que se chegara ao 61% (Gráfico 27). Isto sitúanos trece puntos por debaixo da meta fixada en 65%, polo que non podemos considerar este resultado como satisfactorio. Os valores que presentan as materias nesta taxa tenden a diminuír sobre o curso pasado, oscilando entre o máximo 84,21% e o mínimo de 20%, cun claro predominio das que se localizan por debaixo do 70% (Táboa 16). Se reparamos nos bos datos da taxa de éxito que analizamos no apartado anterior, é evidente que o valor da taxa de rendemento se debe a que un número significativo de alumnado non se presenta a determinadas materias. Tampouco descartamos que neste sentido poda ter influído no resultado a nova normalidade. Igual que vimos facendo en IRD previos, neste que nos ocupa, coidamos que tamén é necesario identificar as materias que non chegan ao 35% na taxa de rendemento para realizarlles un seguimento, as cales foron no curso 2020/2021: “Técnicas non destructivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible” cun

20%, “Traballo Fin de Máster” cun 28,57%, e “Introdución á avaliación estrutural de construcións patrimoniais” cun 33,33%. Esperamos mellorar estes resultados no vindeiro curso académico.

Gráfico 27. Taxa de rendemento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Táboa 16. Rendemento de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Taxa de rendemento	2018/2019	2019/2020	2020/2021
100%	1	0	0
90% ao 99,99%	1	1	0
80% ao 89,99%	2	4	1
70% ao 79,99%	3	3	3
60% ao 69,99%	7	5	6
50% ao 59,99%	6	4	6
Inferior ao 50%	3	4	6

Así mesmo, recollemos nas Táboas 17 e 18 as materias que lograron tanto a maior taxa de rendemento como aquelas outras que presentan unha taxa inferior ao 40%, respectivamente<sup>26</sup>. Só unha se repite entre as que contan con maior taxa no trienio contemplado: “Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural”; e só outra máis entre as que logran a menor taxa de rendemento: “Traballo Fin de Máster”. Reiteramos a argumentación xa exposta no apartado anterior en relación con esta segunda materia, posto que cremos tamén é aplicable a este criterio.

<sup>26</sup>

Do mesmo xeito que fixemos para o Grao, tamén no Mestrado incluímos nestas dúas matrices de datos tanto as materias que acadaron o máximo valor neste indicador (que nesta titulación oscila, ao longo do trienio contemplado, entre o 100% e o 78,95%), cunha clara tendencia ao descenso; coma as que se sitúan por debaixo do 40%, dado que neste caso, o valor máis elevado desta taxa é considerablemente menor que no Grao. Tampouco descartamos ter que efectuar aquí novos axustes neste sentido en cursos vindeiros, en función dos resultados que se acaden nesta taxa.

Táboa 17. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia con maior taxa de rendemento	2018/2019	2019/2020	2020/2021
M143106 Catalogación e Risco	100%		
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	94,12%		
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana		91,67%	
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural		85,71%	
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural			84,21%
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural			78,95%

Táboa 18. Materias con taxa de rendemento inferior ao 40% no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Materia con menor taxa de rendemento	2018/2019	2019/2020	2020/2021
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	23,08%		
M143214 Traballo Fin de Mestrado	33,33%		
—		—	
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos			38,46
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais			33,33%
M143214 Traballo Fin de Máster			28,57%
M143218 Técnicas non destructivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible			20,00%

Se nos fixamos nos resultados procedentes das enquisas de satisfacción, debemos indicar en primeiro lugar que se produciu un descenso na participación do alumnado, pasando do 62% en 2019/2020 ao 55% en 2020/2021 (Gráfico 28). Non obstante, este dato segue a se facer eco dos esforzos realizados na difusión entre este colectivo da importancia que ten cumprimentar ditas enquisas, posto que esta porcentaxe de participación segue a estar 17,5 puntos por riba do valor de 2018/2019.

Gráfico 28. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (%)





Gráfico 29. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



Pola súa banda, o índice global de satisfacción continúa coa tendencia á lixeira baixa rexistrada en 2019/2020, que neste curso só perdeu quince centésimas para se situar en 3,1.

Respecto ás persoas tituladas, a cualificación global deste criterio experimenta un incremento ao pasar de 3,63 en 2019/2020 a 5 en 2020/2021. O escaso número de persoas tituladas que responderon as preguntas abertas (tan só dúas) impide realizar calquera análise cuantitativa. Pero entre os aspectos mellor valorados, vólvense repetir parte

dos xa indicados no curso precedente: a flexibilidade que supón a docencia on line, a boa disposición do profesorado e a formación en recursos e técnicas prácticas; e entre as propostas de melloras: ofrecer máis información sobre a orientación laboral e dedicarlle máis tempo a materias máis técnicas.

No caso do profesorado, en relación coa resposta á pregunta n.º 20 das súas enquisas, a totalidade do colectivo declara estar satisfeito coa titulación.

Para finalizar, incluímos na seguinte táboa un resumo dos aspectos máis significativos das enquisas de satisfacción con carácter evolutivo, reflectindo os tres últimos cursos, relativos ao alumnado do Mestrado e ás persoas tituladas.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	2020/2021	55 %	3,10	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento): <b>4,50</b>	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...): <b>1,89</b>
				Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento: <b>4,00</b>	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.: <b>2,25</b>
				A utilidade das prácticas da titulación: <b>3,71</b>	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: <b>2,50</b>
	2019/2020	62 %	H 3,32 M 3,23 Total: 3,27	-O calendario das probas de avaliación: <b>4,00</b> -Os espazos para o traballo autónomo: <b>4,00</b>	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP: <b>2,33</b>
	2018/2019	37,50%	3,54	-O calendario das probas de avaliación: <b>4,17</b> -A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>4,17</b>	-As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): <b>2,33</b>
				-A utilidade da información sobre a	-A utilidade da información sobre a titulación transmitida por

				<p>titulación publicada na web: <b>4,00</b></p> <p>-Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: <b>4,00</b></p> <p>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>4,00</b></p> <p>-A formación adquirida (coñecementos e contidos): <b>4,00</b></p>	<p>outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): <b>2,67</b></p> <p>-A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...): <b>2,67</b></p>
				Os horarios da titulación: <b>3,83</b>	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: <b>3,17</b>
Persoas tituladas	2020/2021	O02M143V01 60%	O02M143V01 4,60	<p>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>5,00</b></p> <p>-A utilidade da páxina web da titulación: <b>5,00</b></p> <p>-O desempeño do profesorado: <b>5,00</b></p> <p>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b></p> <p>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b></p> <p>-Duración das prácticas: <b>5,00</b></p>	A orientación profesional e laboral recibida: <b>3,67</b>
				<p>-A distribución das materias do plan de estudos: <b>4,67</b></p> <p>-O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: <b>4,67</b></p> <p>-As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: <b>4,67</b></p> <p>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>4,67</b></p> <p>-A formación adquirida: <b>4,67</b></p>	<p>-A orientación académica recibida: <b>4,00</b></p> <p>-As aulas e laboratorios: <b>4,00</b></p>



					<p>-Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>4,50</b></p> <p>-As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : <b>4,50</b></p> <p>-Espazos para o traballo autónomo ( biblioteca., aulas TIC....) : <b>4,50</b></p>	<p>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>4,33</b></p>
					<p>-Formación adquirida na práctica: <b>5,00</b></p> <p>-Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>5,00</b></p> <p>-Duración das prácticas: <b>5,00</b></p>	<p>-A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b></p> <p>-O desempeño do profesorado: <b>2,00</b></p>
			O02M143V03 18%	O02M143V03 3,38	<p>A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b></p>	<p>-A orientación académica recibida: <b>2,50</b></p> <p>-As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. : <b>2,50</b></p>
					<p>-A facilidade para atopar contidos na páxina web: <b>3,50</b></p> <p>-As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>3,50</b></p> <p>-A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,50</b></p>	<p>- A utilidade da páxina web da titulación: <b>3,00</b></p> <p>- As aulas e laboratorios: <b>3,00</b></p> <p>- A formación adquirida: <b>3,00</b></p>
	2019/2020	83%		3,63	<p>-O desempeño do profesorado: <b>4,75</b></p>	<p>Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>2.00</b></p>
					<p>-O grao de actualización dos</p>	<p>As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas,</p>

				<p>contidos do plan de estudos: <b>4,25</b> -As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: <b>4,25</b></p>	<p>suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc...: <b>2,33</b></p>
				<p>-A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b> -Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC...): <b>4,00</b> -Duración das prácticas: <b>4,00</b></p>	<p>A orientación profesional e laboral recibidas: <b>2,75</b></p>
	2018/2019	26,32%	3,4	<p>-A actualización dos contidos: <b>4,00</b> -A cualificación do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b> -Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): <b>4,00</b> -Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): <b>4,00</b></p>	<p>-A organización xeral do plan de estudos da titulación: <b>2,67</b> -As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: <b>2,67</b> -A orientación profesional e laboral: <b>2,67</b></p>
				<p>-A cualificación do profesorado: <b>3,67</b> -As infraestruturas e os materiais disponibles: <b>3,67</b> -A formación adquirida: <b>3,67</b> -A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,67</b></p>	<p>-A orientación académica para continuar os estudos: <b>3,00</b> -A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso: <b>3,00</b> -As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): <b>3,00</b></p>

					Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>3,50</b>	-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: <b>3,33</b> -A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade: <b>3,33</b> -A xestión da calidade na titulación: <b>3,33</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Redución considerable da taxa de rendemento</li> </ul>				<b>Accións de mellora a implantar:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Determinar as causas da redución da taxa de rendemento e se é posible implementar melloras a partir de aí</li> </ul>		
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC						
<b>Indicadores:</b> I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <input type="checkbox"/> Taxa de gradación <input type="checkbox"/> Taxa de abandono <input type="checkbox"/> Taxa de eficiencia <input type="checkbox"/> Taxa de rendemento <input type="checkbox"/> Taxa de éxito <input type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-D0: Duración media dos estudos						

## IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

---

### Modificacións na titulación : X

*\*Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro*

Incluíranse as modificacións non sustanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

--

## V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

\*Cada titulación deberá incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas

Accións de mellora *	Estado situación		Comentarios /observación
-Difundir a través das/os delegadas/os os aspectos fundamentais do SGC, especialmente no Grao	En proceso.	Nada	Segue sendo preciso insistir nesta liña de mellora
-Conversas sobre o envellecemento do PDI e PAS co equipo reitoral e o vicerreitorado de profesorado expoñendo esta problemática á espera de solucións	Completada.	Nada	O equipo reitoral propón fusionar áreas para xuntar docencia. As medidas implementadas en cursos pasados non se aplicaron en 2020/2021, polo que é preciso agardar polos resultados de 2021/2022
- Aumentar a participación das Enquisas de Avaliación Docente	Nada satisfactoria		Insistiuse cos delegados, tanto en xuntanzas formais como informais, na importancia de concienciar aos seus compañeiros/as. Manifestan o cansazo dunha parte deles/as pola cantidade de enquisas de todo tipo que reciben
-Melloras ergonómicas nas aulas e instalación de enchufes. Segue sen ter solución a problemática da temperatura do edificio, sobre todo en inverno, nos espazos orientados ao norte e especialmente a comezo da semana	En proceso		Haberá que agardar a non ter que ventilar as aulas para comprobar a efectividade das obras de xeotermia
-Descubrir as posibles causas das escasa taxas de graduación (grao e mestrado) e, na medida do posible, considerar accións para melloralo	Nada satisfactoria		O descenso da taxa de graduación obriga a realizar un seguimento máis pormenorizado dos motivos que poden explicar estes resultados

-Reflexionar posibles causas, da escasa porcentaxe de avaliación que alcanza o 100%, sen ter en conta a materia do TFG/TFM.	Nada satisfactoria	Os datos revelan que no grao predominan as materias cunha taxa de rendemento entre 80 e 89,99%; e no mestrado aumentan as que teñen menos do 40%
-Ampliar á información no mestrado das actividades extra-académicas	Nada satisfactoria	
-Comprobar no mestrado se nunha materia se mantén esta taxa tan baixa de rendemento	Completada. Nada satisfactoria	O aumento de materias cunha taxa de rendemento inferior ao 40% fai preciso que a coordinación da titulación faga un seguimento pormenorizado delas
-Coñecer no mestrado á causa de por que a relación entre créditos superados e matriculados (rendemento) é tan elevada e tentar aplicar melloras ao respecto	En proceso. Nada satisfactoria	Esta acción de mellora está relacionada coa anterior
-Charlas informativas da coordinación do PAT do mestrado, explicando as súas funcións e actuacións	Completada	

---

## VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

*\*As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Deben incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na [aplicación de xestión documental do SGC](#). Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe*

- Accións de mellora a implantar:

### Grao en Xeografía e Historia e PCEO:

- Incrementar entre o conxunto do alumnado a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción para coñecer os problemas e implantar accións de mellora.
- Reunión cos/as delegados/as de cada curso-nivel cando se vai abrir o prazo para cumprimentar as enquisas de avaliación docente.
- Mellorar as canles de comunicación entre o alumnado do PCEO e os/as profesores/as tutores/as de cada curso e o decano.
- Asignar profesorado titor específico para o PCEO (un para os cursos 1.º, 2.º e 3.º e outro para 4.º, 5.º e 6.º) e un delegado conxunto para os seis cursos.
- Implicar en maior medida ao representante do alumnado na Comisión de Calidade para que opere como canle transmisora das accións de dita comisión aos representantes da Delegación de Alumnado e aos/ás delegados/as de cada curso.
- Reiterar ao vicerreitorado a persistencia da problemática relacionada co envellecemento do PDI e do PAS.
- Mellorar a planificación das Áreas, asignando un docente estable responsable de coordinarse co profesorado de lista de agarda.
- Reunión grupal do coordinador da materia TFG cos/as directores/as de ditos traballos ao remate do segundo cuatrimestre para estimar os posibles TFGs que previsiblemente se van poder defender en tempo e forma na promoción que se gradúa no curso vixente.
- Reunión do coordinador do TFG co alumnado para informar da implicación que ten a matriculación do TFG, facendo especial énfase na importancia de se ter matriculado e superado as materias pendentes.
- Identificar o perfil do alumnado con TFGs matriculados e non lidos, e seguimento con especial atención ao alumnado con TFG de longa duración.

- Identificar o perfil do alumnado non graduado en tempo e forma.
- Analizar polo miúdo que sectores do estudantado presentan unha maior taxa de abandono.
- Xuntanza do decano co/a delegado/a de 3.º curso para que este/a informe aos seus compañeiros/as de curso, da utilidade destas enquisas para a mellora da Calidade da titulación.

#### Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural:

- Aumentar as reunións co alumnado do Mestrado por parte da coordinación do PAT, para explicarlles as súas funcións e actuacións.
- Aumentar as actividades informativas sobre orientación profesional para o alumnado do Mestrado.
- Identificar por parte da coordinación do Mestrado os motivos que explican a redución entre o seu alumnado da satisfacción coa organización e desenvolvemento desta titulación, da peor puntuación acadada por segundo curso consecutivo pola satisfacción coa plataforma de teledocencia.
- Informar á vicerreitoría do campus de Ourense e á vicerreitoría de Comunicación da necesidade de achegar a súa información ao alumnado do Mestrado.
- Difundir entre o alumnado do Mestrado a utilidade do recurso das QSP para expor a súa opinión.
- Organizar unha reunión co PAS implicado no Mestrado para coñecer cal o cales poden ser os motivos que explican a súa baixada nas enquisas de satisfacción.
- Reunión do coordinador do TFM co alumnado do Mestrado no que se informe da implicación que ten a matriculación do TFM.
- Reunión do coordinador do Mestrado co profesorado que imparte as materias cuxa taxa de rendemento é inferior ao 30-35%.
- Determinar as causas da redución da taxa de rendemento no Mestrado e se é posible implementar melloras a partir de aí.



## VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

### I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Julio Prada Rodríguez (Decano e Presidente da Comisión de Calidade)  
 Antonio Presedo Garazo (Vicedecano e Coordinador de Calidade)  
 María López Díaz (Colaboradora de Calidade)  
 Carmen Arribas Álvarez (Vicedecana e Representante da Administradora)  
 Domingo Rodríguez Teijeiro (Secretario da Comisión de Calidade e Responsable de alumnado PIUNE)  
 Fermín Pérez Losada (Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural)  
 Yolanda Barriocanal López (Representante PDI)  
 Beatriz Comendador Rey (Representante PDI)  
 Josefa Rodríguez Bouzas (Representante PAS)

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade e importante concluír que:

Conclusións relevantes	
1.	O presente IRD describe e analiza dun xeito directo e accesible a situación do Centro e os títulos que se imparten durante o curso 2020/2021.
2.	O balance xeral é positivo, especialmente no referido á adaptación positiva á nova normalidade vixente durante dito curso académico grazas ao esforzo coordinado e continuo de toda a comunidade do Centro (PDI, PAS e alumnado).
3.	Un aspecto moi positivo a destacar é que se mantén a boa dinámica nos resultados da 1.ª matrícula.
4.	Os resultados das enquisas de satisfacción permiten identificar unha clara disociación entre a percepción que ten o alumnado do Grao e a do alumnado do PCEO, cunha tendencia á redución da satisfacción no primeiro fronte a un lixeiro aumento no segundo. Estes resultados tampouco son nada satisfactorios entre o alumnado do Mestrado.
5.	A redución da taxa de graduación é preocupante tanto no Grao como no Mestrado. Unha parte salientable das accións de mellora que se propoñen no presente IRD pretenden atallar este problema.
6.	Na redacción deste informe, suprimíronse todos os aspectos redundantes para nos centrar na análise obxectiva dos aspectos máis salientables das titulacións do Centro.

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1.	Continuar nesta liña de traballo na que se evidencia as vantaxes do Sistema
2.	Continuar coa idea de que o Sistema axuda a identificar a realidade do Centro e, en consecuencia, difundir as súas actuacións entre o alumnado
3.	Determinar as causas da taxa de abandono no grao e as taxas de gradación baixas en ambos os dous títulos
4.	Manter as liñas de traballo desta Comisión

## VIII. ANEXOS

---

- Anexo 1. Autoinforme de seguimento que se realizou na USC do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4<sup>a</sup> ed.), no cal participa o noso Centro, referido ao curso académico 2020/2021.



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)**

**Curso Académico: Curso 2020-2021**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras

<b>1. DATOS DO TÍTULO</b>	
Denominación do título	Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª ed.)
Mencións/Especialidades	Especialidade en Historia do Mundo Clásico Especialidade en Arqueoloxía
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Vigo Universidade de A Coruña
Centro responsable	Facultade de Xeografía e Historia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Xeografía e Historia
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010-2011
Data acreditación ex ante (verificación)	07/10/2014
Data renovación acreditación	19/05/2020

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste apartado non se rexistraron novidades significativas respecto aos datos incluídos no informe de renovación da acreditación, previo á 4ª edición do master, elaborado a finais do curso 2019-2020 e que obtivo a cualificación de “favorable”. En efecto, trátase dun título con carácter estratéxico que da resposta ás necesidades formativas do SUG e da sociedade galega. Durante os cursos académicos impartidos o Máster ofreceu aos alumnos unha formación especializada, contribuíndo, entre outros aspectos, de maneira decisiva á mellor preparación dos arqueólogos, o que repercute a súa vez en beneficio da sociedade á que están destinados a servir. Trátase, polo tanto, dunha titulación que, sen estar vinculada a unha profesión regulada, relaciónase directamente coa actividade profesional da Arqueoloxía e coa investigación nesta mesma área e na de Historia da Antigüidade.

Os estudos dan resposta ás cambiantes necesidades do mercado laboral, permiten a formación continua e favorecen a validación de coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos. O aprendizaxe da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade veríanse gravemente comprometida se se restrinxira só as titulacións xeneralistas, sen especialización.

O título oferta cada ano 25 prazas (IN01M). A evolución da matrícula manifesta lixeiras oscilacións, cunha tendencia que alcanza ou supera a cifra de 20 alumnos de novo ingreso. A media dos últimos cinco anos é de 19,2; pensamos que a cifra de 16 no curso 2016-17 débese a unha situación conxuntural; de feito, os anos posteriores foron sempre superiores, quedando en 20 os matriculados no curso 2020-21, primeiro ano da 4ª edición deste master. A evolución da matrícula pódese ver na táboa seguinte (sumando as cifras da USC, UVigo e UdC).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (IN02M)</b>	<b>20</b>	<b>26</b>	<b>16</b>	<b>21</b>	<b>18</b>	<b>21</b>	<b>20</b>

Non é fácil determinar as causas das pequenas flutuacións na matrícula, pero a táboa apunta a que os cursos 16-17 e 18-19 foron excepcionais e non un cambio de tendencia. Como aspecto positivo, rexistrouse un incremento de alumnos estranxeiros, en concreto procedentes de China, dende o curso 2018-19 ata 2020-21 tal e como se reflicte na táboa seguinte) (IN08M) (as porcentaxes que dá a USC non recollen os datos da UVIGO ou da UCD):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN08M)</b>	<b>5,26</b>	<b>0,00</b>	<b>3,85</b>	<b>4,00</b>	<b>7,41</b>	<b>12,00</b>	<b>10</b>

É importante destacar os seguintes aspectos:

a) A inmensa maioría dos alumnos de novo ingreso matricúlanse de todos os créditos ofertados (IN04M), ata o momento só un acolleuse á modalidade de matrícula a tempo “parcial”. Ademais unicamente houbo un matriculado con dispensa, que finalmente non se presentou aos exames porque a titulación require dedicación exclusiva para conseguir éxito.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (IN04M)</b>	<b>19,00</b>	<b>20,00</b>	<b>16,00</b>	<b>20,00</b>	<b>18,00</b>	<b>19,00</b>	<b>19</b>

b) A docencia impártese indistintamente en galego e castelán, grazas ás accións de mellora e potenciación do idioma galego que se realizan tanto para o alumnado como para o profesorado.

c) Os contidos, planificación docente e a metodoloxía do Máster contan co respaldo de diversas institucións da comunidade autónoma galega, en particular, de concellos, museos e do servizo de patrimonio cultural da Xunta de Galicia. Tamén contamos co apoio de moitas empresas privadas de arqueoloxía.

Debemos mencionar que a partir de marzo de 2020 tivemos que pasar á docencia non presencial a causa do Estado de Alarma derivado do COVID-19 (curso 2019-20). Neste curso 2020-21 voltouse á presencialidade coas precaucións sanitarias esixidas e necesarias derivadas do mantemento da situación de pandemia.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Neste curso iniciouse a 4ª edición do master inteuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, na que se incorpora a UDC oficialmente, logrando a participación das tres universidades do SUG, máis o CSIC. Nesta edición xa están consolidadas as tres materias novas impartidas dende o curso 2017-18: “Arqueoloxía de Mesopotamia” e “Técnicas instrumentais e cronolóxicas en arqueoloxía”, a cargo de profesores da UDC, e a materia de “Necrópole e restos humanos” ofertada a partir do curso 2018-19, continúa sendo a optativa con máis alumnos matriculados.

Ademais nesta edición incorporáronse outras novas materias que completan a formación dos estudantes egresados: A materia obrigatoria de ‘Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade’ (que substitúe á materia ‘Identificación de materiais arqueolóxicos’), e as materias optativas ‘Cultura material medieval y moderna’ (que substitúe á materia ‘Modelado da Información Arqueolóxica’), ‘Arqueobotánica’, ‘Zooarqueoloxía’ (estas dúas súmanse á oferta de créditos ECTS). Así mesmo modificouse a oferta en 6 materias xa existentes, acortouse a materia obrigatoria de ‘Escavación arqueolóxica’ a un semestre; e o ‘Practicum’ pasou a ser materia obrigatoria seguindo a demanda de anos anteriores. Tamén modificáronse os títulos das materias ‘Epigrafía latina’ (na 3ª edición: ‘Epigrafía clásica e historia de la moeda’), ‘Historia das relixións antigas’ (na 3ª edición: ‘Metodoloxía da historia das relixións antigas’), ‘Historia antropolóxica do mundo antigo’ (na 3ª edición: ‘Introdución á historia antropolóxica do mundo antigo’), ‘Historia do arte grego’ (na 3ª edición: ‘Iconografía e mitoloxía clásicas’) para axustarse mellor ás necesidades formativas.

Os obxectivos establecidos na Memoria continúan a cumprirse desde a posta en funcionamento do Máster,



adquirindo os alumnos as competencias xenéricas e específicas que se inclúen na Memoria. O grao de satisfacción do alumnado conséntase, tanto polo sistema de enquisas establecido con carácter xeral para todos os títulos pola USC (ao que nos referiremos no apartado correspondente), como polas enquisas *ad hoc* realizadas desde a coordinación académica, os informes dos titores dos TFM e do sistema administrativo de apoio ao Máster.

Debemos salientar ademais, que ao longo do curso 2020-21 foron desenrolados seminarios complementarios á docencia, un total de 12 obradoiros, que son os que seguen:

- Introducción ao debuxo manual de obxectos mobles en Arqueoloxía
- Introducción á fotografía de obxectos mobles en Arqueoloxía
- Práctica sobre rexistro de pezas de escavación
- Usos do pasado no escenario urbán
- Actividade arqueolóxica na empresa privada e o impacto das obras públicas na conservación do Patrimonio Arqueolóxico.
- Modelando decisións humanas en paisaxes pretéritos. Métodos e técnicas en Arqueoloxía Computacional.
- Método integral de teledetección e prospección no Gobi–Altai (Mongolia)
- Late Iron Age and Early Roman archaeological landscapes of conflict and interaction in the Limes of the Roman Empire (Northwest Iberia, Southwest England and Dacia)
- Introducción á Arqueoloxía no Cuerno de África: o caso de Somalilandia
- Arqueoloxía pública, comunitaria e indíxena.
- Arqueoloxía e Comunidade
- Discursos de Xénero

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Seguindo a normativa da USC referida ao nomeamento dun titor da materia de TFM, mantense ao profesor Francisco Javier González García quen desenvolve a súas responsabilidades con gran eficacia. A acción introducida no curso 2017-18 de asignar un titor por cada 3 alumnos non se aplicou porque non contribuía de maneira significativa á mellora da proposta: que os alumnos elixisen pronto o seu tema e titor de TFM.

Así mesmo, tendo presente o informe emitido pola ACSUG no proceso de acreditación do título, a C.A. considerou oportuno introducir no 2018-19 unha acción de mellora consistente en solicitar unha maior concreción ás programacións académicas de cada materia, requisito que se mantén no curso 2020-21. En concreto, son incorporados os seguintes aspectos:

- Un apartado sobre “prácticas” especificando o número de horas, a súa distribución e a descrición da mesma.
- O apartado sobre avaliación debe indicar: (a) se haberá ou non exame; (b) a definición dos traballos coa maior precisión posible; (c) as datas de entrega dos traballos; (d) a ponderación dos distintos elementos que serven de base para a avaliación. A causa da pandemia a recomendación para todas as materias foi que se realizara na medida do posible unha avaliación continua.

Ademais, a C.A. considerou unha “boa práctica” que as avaliacións de varias materias fixéranse conxuntamente (p. ex., que un mesmo traballo sirva para varias materias) e que se facilitase no posible a converxencia coa temática nos respectivos TFM.

A coordinación, tanto entre o profesorado como entre as tres universidades (USC-UVigo-UDC), seguiu sendo excelente durante o curso 2020-21. En conclusión, a través da pluralidade de mecanismos garántese a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), incluíndo as Prácticas Externas. En definitiva, todos os ensinos que se imparten responden, en termos xerais, a unha mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados.

Finalmente salienta a constitución de dúas C.C.A.A., unha interuniversitaria e outras locais, por cada univesridade, que foron desenrolándose simultaneamente dende a súa constitución.

#### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O compromiso de chegar a 20 alumnos de novo ingreso por ano mantense como obxectivo prioritario, e fanse importantes esforzos para alcanzalo. As xornadas de orientación profesional que organizan as facultades de Xeografía e Historia (USC), de Historia (UVigo) e de Humanidades (UDC) para os alumnos de último curso do grao nas titulacións de Historia, Historia da arte, Xeografía e Xeografía e Historia, son unha boa iniciativa, que debería continuar, a pesar de que a asistencia de alumnos non é demasiado elevada.

Neste sentido cabe salientar o interese da realización de dous actividades de promoción do master orientadas a futuros estudantes, a primeira foi organizada pola coordinación do master, en maio de 2020, e a segunda pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional en xullo do mesmo ano, co mesmo obxectivo, chegar a potenciais alumnos de todo o territorio nacional, especialmente da zona norte/noroeste. Ademais mellorouse a información da páxina web do título e a información de Facebook. Poderanse utilizar outras redes sociais como ferramentas de difusión (twitter, Instagram, etc.). Progresivamente, tanto na USC como na Uvigo e na UDC, foise mellorando e aproximando o calendario de matrícula, que antes se solapaba co comezo do curso, o que provocaba certas disfuncións. A progresiva aproximación permite axustar mellor as datas de avaliacións cara ao peche de actas, eliminándose os problemas detectados nos cursos anteriores.

A nota media de acceso segue manténdose por encima do 6 cunha tendencia ascendente (IN07M), sendo a do curso 2018-2019 a máis elevada. No curso 2020-21 rexistrouse unha moi lixeira baixada de aínda 0,25 décimas, resultando moi próxima ao ano anterior (IN06M):

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (IN06M)</b>	<b>6,99</b>	<b>7,14</b>	<b>6,77</b>	<b>7,05</b>	<b>7,19</b>	<b>7,15</b>	<b>6,90</b>

No curso 2020-21 houbo unha subida na porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) ao 10% (no anterior alcanzou o 8%, aínda que non alcanzou o 22,22% do curso 2018-19), o número de estudantes procedentes da USC pasou do 72% do total ao 35% (IN13M). O 10% correspóndese con estudantes estranxeiros:

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN09M)</b>	<b>5,26</b>	<b>22,22</b>	<b>15,38</b>	<b>20,00</b>	<b>22,22</b>	<b>8,00</b>	<b>10</b>

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN13M)</b>	<b>73,68</b>	<b>62,96</b>	<b>73,08</b>	<b>68</b>	<b>55,56</b>	<b>72,00</b>	<b>35</b>

Creemos que manter un perfil de ingreso amplo (graduados de diferentes titulacións) contribúe a dar maior riqueza ao título; curso tras curso, constatamos que as cualificacións medias dos alumnos que proceden do grao de Historia son semellantes ou inferiores ás alcanzadas por quen procede doutras titulacións. Así, no curso 2014-15, os alumnos que accederon ao máster desde o grao en Historia obtiveron unha nota media de 8,2, mentres que os do grao en Arte un 7,31. No curso 2015-16 a equiparación foi absoluta (grao en Historia: 7,85; grao en Historia de Arte: 7,89). Nos perfís máis afastados os alumnos obtiveron notas medias claramente superiores 8,38 (licenciatura en filoloxía clásica); 8,5 (grao en Bioloxía) 8,0 (grao en Humanidades); 9,2 (licenciatura en Belas Artes). Hai que ter en conta tamén que o peso da arqueoloxía e Historia Antiga no grao en Historia é reducidísimo (dúas materias semestrais en primeiro e segundo curso), polo que non son necesarios complementos de formación. Pensamos que restrinxir o acceso aos graduados en Historia ou en Xeografía e Historia empobrecería considerablemente o título.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Consello de Goberno da USC do 16 decembro de 2016 aprobou un novo regulamento do TFM, que está publicado na web do máster (<https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/TrabajofindeMaster.html>). No curso 2020-21, como ven sendo habitual, realizamos dúas xornadas ao comezo do curso, nas que os profesores presentan as súas liñas de investigación co fin de facilitarlles a elección do tema e titor do TFM, neste ano realizouse unha única xornada online (2 de outubro de 2020), á que asistiron todos os estudantes e un número maior de profesorado que outros anos.

Como comentamos no apartado precedente, houbo dúas actividades para promocionar o master a través de webinar para a edición do curso 2020-2021. As datas foron o 28 de maio de 2020 promovida polo título, o 7 de xullo de 2020, promovida dende a USC (cara aos estudantes de grao da USC, do SUG, do estado español e con orientación internacional).

A constante actualización da web propia (<https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/Presentacion.html>) como complemento da web oficial da USC contribúe a ter informado aos estudantes egresados e aos que desexan obter información do master en tempo real, nesta web colgouse un vídeo de 6 minutos realizado para a promoción en maio de 2020, e está accesible na web propia, na páxina de presentación, para consultar.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Desde a Facultade de Xeografía e Historia da USC promóvese que toda a información sexa pública e facilmente accesible a través do apartado de acordos de Facultade e Comisión Permanente, onde se aproban todas as suxestións e reflexións da Comisión do SGC:

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordoxunta.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/acordocomision.html>

De acordo coa observación realizada pola subcomisión avaliadora da acreditación, actualizáronse as posibles ligazóns rotas e incorporáronse os acordos da Comisión de Calidade.

Toda a documentación do sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo está dispoñible na páxina web do centro <http://historia.uvigo.es/gl/calidade>, onde ademais hai un apartado específico sobre a descrición do título <http://historia.uvigo.es/gl/titulacions/mestrado-en-arqueoloxia-e-ciencias-dá-antiguidade> e orientativa sobre a titulación para os alumnos da Universidade de Vigo <http://arqueoloxia.webs.uvigo.es/>

Así mesmo na Universidade de A Coruña está dispoñible esta información na páxina web do centro <https://humanidades.udc.es/estudos/máster-miaca/información-del-t%C3%ADtulo>

O máster posúe a súa propia páxina web na que se inclúe toda a información necesaria, sendo mellorada cada curso académico: <https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/Presentacion.html>

A páxina web é a nosa principal canle de información e mantense permanente actualizada puntualmente, prestando especial atención ás PAE, ao TFM e as actividades extra-académicas. A USC ten unha páxina propia de máster (orientada sobre todo ao alumno que aínda non está matriculado) que enlaza coa páxina do máster:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-interuniversitario-arqueoloxia-ciencias-antiguidade>

Así mesmo contamos cunha páxina en Facebook que resulta moi útil para difundir as actividades así como tamén outras relacionadas coa arqueoloxía ou a historia antiga especialmente en Galicia: <https://m.facebook.com/masterarqueoloxia/>, desta se encarga a Uvigo.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía Interna de Calidade da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixos, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias para estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

A USC aprobou o primeiro SGIC en decembro de 2009, e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno, nunha sesión celebrada en maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo, no que se procedeu á simplificación dos documentos e os procesos asociados ao SGIC.

O master de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade inclúese no Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019.

<https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Manual-simplificado-do-SGIC-do-centro-2020.pdf> ; <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Manual-de-procesos-e-procedementos-do-SGIC-do-centro-2020.pdf>

A memoria de calidade da facultade de Xeografía e Historia para o curso 2019-20 pode consultarse no seguinte enlace: <https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff7k1uskN3AQkXF5OjNuiBKrZ5vpmGGx9SsfHGdDqlqoY/1635401057/public/documents/2020-10/memoria-de-calidade-facultade-de-xeografia-e-historia-2019-20.pdf>

Na universidade de Vigo, o SGIC pode consultarse en <http://historia.uvigo.es/gl/calidade/manual-de-calidade> e os aspectos concretos do máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad, en <http://historia.uvigo.es/gl/calidade/seguimento-de-titulos>

Na universidade de A Coruña, o SGIC pode consultarse en [https://udc.gal/es/utc/estructura\\_udc/centros/f\\_humanidades\\_documentacion/index.html](https://udc.gal/es/utc/estructura_udc/centros/f_humanidades_documentacion/index.html)

Tanto os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, como os de suxestións e reclamacións desenvóléronse de acordo ao establecido. Todas as peticións e dúbidas foron resolvéndose satisfactoriamente.

Tanto a Facultade de Xeografía e Historia da USC como a Facultade de Historia da UVigo e a Facultade de

Humanidades de A Coruña, contan coas súas respectivas Comisións de Calidade, nas que están representados os coordinadores dos títulos impartidos e ás que corresponden as seguintes funcións:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC.
- Elaborar a Memoria de Calidade que englobará distintos informes e memorias:
  - Proposta do plan de melloras para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
  - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
  - Informes de seguimento dos Títulos.

Os mecanismos de recollida de información están establecidos no proceso PM-01 Medición, análise e mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade. De acordo con este proceso e unha vez establecido o panel de indicadores e informes que se facilitarán aos centros de forma centralizada, os Responsables de Calidade de cada Centro, ou persoa en quen delegue, encárgase de recibir, revisar e comprobar a validez de toda a información necesaria para a análise. En caso de detectar algunha ausencia ou erro na información, comunícase á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a súa corrección.

No curso 2010-11 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado para a súa verificación pola ACSUG. Tal verificación respondía o compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder elaborar un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

A partir deste sistema de garantía de calidade nace a correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos ([http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/comisixns\\_delegadas\\_marzo\\_2015.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/comisixns_delegadas_marzo_2015.pdf)) xunto coa xunta de Facultade, cuxos acordos (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>), o mesmo que os da Comisión permanente son públicos (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>) asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas aplicados en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

En esencia, trátase dun documento onde se recollen os procedementos a seguir e contribúe á transparencia á vez que garante a calidade dos ensinamentos, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación, que xa está proposta e será nomeada nese curso, no que celebrará a súa primeira reunión. A valoración do título por parte da axencia avaliadora foi positiva, aínda que propuxo melloras que se foron introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión, tanto en relación ao estudiantado como ao profesorado e ao persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.

Do mesmo xeito, a calidade da docencia reflíctese na positiva evolución de satisfacción do alumnado, como pode verse aquí ( IN46 M), aínda que hai un pequeno descenso no curso 2019-20 que podería ser das dificultades derivadas do COVID19 que se prolongaron no curso 2020-21. Con base 5, estes son os datos desde o curso 13/14:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN46M)</b>	<b>3,40</b>	<b>3,57</b>	<b>3,48</b>	<b>3,95</b>	<b>3,99</b>	<b>4,1</b>	<b>3,91</b>	<b>3,89</b>

A facultade de Historia da Universidade de Vigo obtivo no curso 2017-2018 a certificación do SGIC e a partir dese momento o obxectivo é corrixir aqueles aspectos detectados e mellorar a implantación do Sistema a todos os títulos que imparte. A facultade de Humanidades da Universidade de A Coruña acadou a súa certificación en 2010.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tras o informe de seguimento (2014-1015) e despois de obter, en 2020, o informe favorable da ACSUG para a renovación da acreditación nunha 4ª edición do master, as accións centráronse, especialmente, nas correspondentes accións de mellora, cuxo cumprimento foi satisfactorio. Aspectos como a sobrecarga de traballo nalgunhas materias e á coordinación dos TFM mellorou substancialmente.

Así mesmo, a mellora relativa á Aula Virtual acadouse con éxito neste curso 2020-21, como estaba previsto, a través da xestión no Centro de Tecnoloxías para o Aprendizaxe, da alta individualizada de cada docente e estudante á plataforma da USC, xa que polo momento non hai unha integración das plataformas das tres universidades galegas.

A reflexión interna na Comisión Académica e nas correspondentes instancias da USC, a UVigo e a UDC fixeron aconsellable a introdución de tres materias optativas para o curso 2017-18, das cales só puideron implantarse dúas (satisfactoriamente), mentres que a outra (“Necrópole e restos humanos”) pospúxose ata ao ano 2018-19, no que como xa dixemos, ofertouse con total normalidade. Os resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e os derivados do sistema reforzado de entrevistas periódicas realizadas pola coordinación académica, non evidencian a necesidade de efectuar modificacións en aspectos substanciais (plan de estudos, metodoloxía, profesorado, infraestrutura, etc.) da titulación, salvo o comentado nos subapartados concretos do presente Informe.

Así mesmo, as accións de mellora que se propuxeron nos anteriores Informes de seguimento, consecuencia das accións de análises levadas a cabo desde o SGC, fóronse executando con normalidade na súa maior parte, permitindo levar a cabo melloras concretas (que se recollen neste Informe) na impartición do título. En conclusión, pode afirmarse que se evidencia un funcionamento adecuado da titulación.

A mellora mais importante consistiu na posta en marcha, trala verificación oportuna pola ACSUG, no curso 2020-21, dunha nova edición do máster (a 4ª), que acolle xa a tódalas institucións docentes e investigadoras galegas vencelladas coa arqueoloxía e a historia antiga. Como foi comentado nun apartado anterior, a 4ª edición, que mellora os contidos das materias e engade materias de interese, necesarias para a titulación, consistiu en:

- Ofertar novas materias que completan a formación en arqueoloxía e historia antiga: A materia obrigatoria de ‘Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade’, e as materias optativas ‘Cultura material medieval y moderna’, ‘Arqueobotánica’, ‘Zooarqueología’.
- Modificar lixeiramente a oferta en materias xa existentes, acórtase a materia obrigatoria de ‘Escavación arqueolóxica’ a un semestre; e o ‘Practicum’, que pasa a ser materia obrigatoria seguindo a demanda de anos anteriores.
- Modificar os títulos das materias ‘Epigrafía latina’, ‘Historia das relixións antigas’, ‘Historia antropolóxica do mundo antigo’, ‘Historia da arte grega’ para axustarse mellor aos contidos impartidos.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

#### Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co Sistema Marco de Garantía da Calidade, o sistema debe revisarse e actualizarse polo menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacións ou revisións do SGIC.

No ano 2013 a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC, aprobou unha simplificación documental do Sistema Marco de Garantía da Calidade que foi posteriormente adoptada pola Facultade de Dereito.

En outubro de 2014 realizouse unha nova modificación relativa aos indicadores e informes dispoñibles para o seguimento e mellora dos títulos.

En xullo de 2015 realizouse e aprobado unha revisión do Manual de Procesos e Procedementos, derivadas fundamentalmente da necesidade de adecuación a cambios normativos.

As evidencias do SGC manifesta a existencia dunha cultura de calidade no Centro que pretendeu e pretende continuamente a mellora da titulación do Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Preténdese que a titulación sexa un referente no ámbito do SUG, e tamén no conxunto do sistema universitario español.



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exigido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación co persoal académico do Máster non existen novidades con respecto ao anterior Informe de seguimento, polo que se considera que é suficiente e adecuado de acordo coas características do plan de estudos, a modalidade presencial, o número de estudantes e as competencias que deben alcanzar. Ademais, en termos xerais, recibe unha boa valoración por parte dos estudantes.

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora e/ou experiencia profesional) exigido pola normativa vixente para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na Memoria verificada. Ademais, na maioría dos casos, o mesmo profesorado vén impartindo os mesmos contidos ao longo dos últimos anos, o cal lles aporta dunha experiencia moi útil. En diversas materias, os profesores proceden das tres universidades do SUG (USC, UVigo e UDC) e do INCIPIT-CSIC, e imparten os contidos da súa especialización. Asimesmo contamos con colaboracións de profesorado de outras universidades españolas como da Universidade de Cantabria, a Universidade Complutense e a Universidade de León, para impartir algunhas horas en dúas materias moi especializadas (Arqueobotánica e Zooloxía).

Cabe sinalar que o profesorado da UVigo e o de a UDC, e o profesorado colaborador das Universidades de Cantabria, León e a Complutense, realizan o esforzo suplementario de desprazarse a Santiago de Compostela para impartir a docencia. A UVigo facilita os medios económicos necesarios para compensar o prezo do transporte, e o profesorado da UDC ven á USC polos seus medios, mentres que a coordinación e a comisión académica do máster tentan deseñar uns horarios que faciliten os desprazamentos. Con todo, non excluimos que no futuro, de forma ocasional, haxa que recorrer á videoconferencia.

O profesorado conta cun alto nivel de cualificación. Como pode verse no informe de indicadores (IN25M), todos son doutores (100% no 2020-21 e 2019-20, 2018-19 e en 2017-18 fronte a 92% no 2016-17) e todos contan con sexenios de investigación (IN24M) (o 100 % tanto no 2020-21 e 2019-20 e 2018-19 como en 2017-18 e en 2016-17). Ata o momento, todos están en disposición de dirixir TFM e de participar nos tribunais que os cualifican, unha tarefa gravosa que obriga a contar con todos os recursos dispoñibles. Con todo, o número de profesores dispoñibles é

suficiente para atender aos estudantes aínda que non dispoñemos de datos dende o 2016-17 (IN30M), non cremos que cambiase substancialmente a cociente de 1,93 estudantes matriculados por cada profesor con docencia a tempo completo. A media de alumnos nos grupos con docencia expositiva ou interactiva mantense estable entre 11 e 13 alumnos (11,7 no curso 2018-19), aínda que non hai datos para o curso 2019-20, a media mantense para o 2020-21 (11,35) (IN32M), o que permite o emprego de metodoloxías dinámicas, participativas, tanto de traballo individual como en grupo. Constatase un elevado número de áreas de coñecemento implicadas: Arqueoloxía, Historia Antiga, Prehistoria, Edafoloxía e Historia da arte; grazas a esta diversidade, pódese atender ao carácter multidisciplinar que é propio do máster.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M), que era tradicionalmente baixa, mellorou, pasando do 2,2 (2014-15) ao 2,89 (2015-16) 2,95 (2016-17) 3,83 (2017-18) 4,16 (2018-2019), 3,87 (2019-20) e 3,47 (2020-21). Podería interpretarse a lixeira baixa no curso 2020-21 por mor do COVID19, pois a pesar do desenrolo presencial das clases houbo moito desacougo a causa do temor aos contaxios e a existencia de baixas puntuais pero continuas, tanto de profesores como de estudantes, por contaxio e carentena. Estes factores complicaban o ritmo na docencia.

A introdución dunha nova normativa de TFM implicou, como xa sinalamos, o nomeamento dun profesor para a coordinación dos TFMs., co obxectivo de conseguir que todos os alumnos defendan o seu TFM en tempo e forma. Con todo, resulta necesario analizar coas autoridades universitarias competentes a carga horaria computable a cada profesor universitario que participa na materia do TFM, dado que o cómputo oficial resulta moi desaxustado conforme ás horas reais de dedicación.

En relación coas dinámicas docentes, ademais debemos salienta a existencia de actividades complementarias á mesma. Como cada ano organizamos unha actividade inaugural na que un ou unha profesional é invitado para dar unha conferencia, no curso 2020-21, impartiu a conferencia inaugural do Dr. Lauro Olmo Enciso da Universidade de Alcalá de Henares titulada “Un proceso de patrimonialización de un paisaje complejo” (25 de setembro de 2020, Aula 13 da Fac. de Xeografía e Historia).

As Xornadas de Arqueometría en Galicia que habitualmente estábanse a celebrar en outubro, dende 2014, de cada curso, tiveron que posporse para o ano seguinte por mor do Covid. Por contra, púderonse organizar conferencias de especialistas como a Dra. Leticia Tobalina, investigadora do ITEM-Universidad de Navarra, co título: ‘Propuesta metodológica para el estudio de las dinámicas de poblamiento tardoantiguo entre el Ebro Medio y los Pirineos’ (30 de setembro de 2020, Aula 5) ou a conferencia impartida por o Dr. Antoine Dumas, membro científico da Casa de Velázquez-USC, titulada ‘Necrópolis, tumbas e historias familiares. Análisis espacial y tipológico de dos yacimientos de la primera Edad del Hierro en el suroeste de Francia’ (22 de setembro de 2020, Aula 10).

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A organización e a planificación do Máster comporta unha elevada carga de xestión académica-administrativa (publicidade do título, información pública, programación académica, coordinación de profesorado de moi diversa procedencia, implicación de tres universidades e o INCIPIT-CSIC con xestión e calendarios diferentes, apoio

permanente ao alumnado e ao profesorado, cualificacións, actividades de calidade, material didáctico, infraestruturas, medios materiais, xestión económica, etc.) e de coordinación.

Toda esta actividade de xestión e coordinación recae, en xeral, sobre os diversos servizos de apoio administrativo de que dispón a USC para todos os títulos oficiais e propios (SXOPRA, UXAs, OAR, ATIC, Secretaría xeral, Asesoría xurídica, etc.); e, de maneira moito máis particular e directa, sobre a coordinación académica da titulación da USC, co apoio directo e permanente dun traballador dos servizos administrativos da USC, que viña sendo o posto adscrito ao departamento de Historia, este curso contamos ademais con persoal específico de apoio aos másteres na facultade. Pola súa banda, a UVigo dispón dunha coordinadora académica do título que conta co apoio duna Área nos servizos administrativos (para todos os másteres do Campus de Ourense), e a UDC conta cun coordinador académico do título que conta con apoio dos servizos administrativos para os másteres do Campus de Ferrol. O diferente funcionamento de diversos procesos e servizos entre as universidades, e especialmente a separación física das respectivas plataformas de xestión, supoñen un esforzo de coordinación engadido para os tres coordinadores académicos. Merece especial mención a xestión das conxunturas xeradas polo desaxuste entre os calendarios das universidades tanto para cuestións de preinscrición e matrícula, xestión académica das cualificacións, calendario de elaboración e defensa do TFM, etc., que pouco a pouco vanse aproximando e de feito xa conseguíuse unificar as datas de avaliación neste curso. Todas estas particularidades na xestión do título vanse solventando cun seguimento continuado e unha colaboración estreita por parte dos axentes implicados, aínda que supoñen un sobre-esforzo engadido que debe ser posto en relevo.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O máster impártese na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestruturas.html>). Ditas instalacións dispoñen, en termos xerais, dos recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados en función da natureza e modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir polos mesmos, permitindo os tamaños de grupo previstos, o desenvolvemento do programa formativo e o seu axuste ás metodoloxías de ensino-aprendizaxe. A descrición dos recursos materiais e servizos dispoñibles descríbese no apartado 7 da Memoria verificada de 2020, considerándose que segue sendo válida, coas especificacións que se efectúan no presente Informe.

Polo que se refire aos fondos bibliográficos, os estudantes do Máster teñen á súa disposición o servizo de bibliotecas da USC (en particular, as bibliotecas das facultades de Xeografía e Historia e de Filoloxía) que lles permiten acceder ao material bibliográfico e documental necesario para os ensinamentos do Máster. Con todo, a drástica diminución de recursos económicos para a Biblioteca está a minguar sensiblemente as posibilidades dos alumnos de obter a bibliografía necesaria para a docencia ou para a realización dos TFM. O alumnado da UVigo dispón dos recursos da

Biblioteca Central do Campus de Ourense e o alumnado da UDC dispón da biblioteca Casa do Patín no Campus de Ferrol.

Respecto aos servizos de orientación académica e profesional, así como de atención ao estudante, resultan apropiados para dirixilos e orientalos en relación coa súa matrícula, necesidades especiais, cualificacións, certificados, recoñecementos e traslados, etc.; xa que ademais dos servizos xerais da USC e os específicos do campus de Ourense da UVigo e do Campus de Ferrol da UDC, tamén se dispón de programas propios de acollida e apoio ao estudante que lle orientan no funcionamento do Centro/institución e do Máster.

Ademais a USC proporciona unhas subvencións para realizar Prácticas de Campo e realizáronse varias vistas a xacementos arqueolóxicos no curso 2020-21 dentro da Comunidade, a Cidadela (Sobrado dos Monxes), Serra do Barbanza, Boiro e Pedra Castro no concello de Santiago de Compostela.

Finalmente, as Prácticas Académicas Externas (PAE) realízanse nas instalacións das diferentes entidades e organismos que colaboran nesta materia, procurando que os alumnos dispoñan dun lugar adecuado para a súa realización e a adquisición das correspondentes competencias. Nesta 4ª edición debemos salienta que as PAE convertéronse en obrigatorias, asegurando desta maneira que todos os estudantes podan beneficiarse de elas.

Este ano retornouse ao calendario habitual da USC como á propia oferta das Prácticas, aínda que realizouse unha charla informativa previa á solicitude de praza para informar aos estudantes en profundidades sobre a oferta do curso, e engadiuse unha segunda convocatoria para flexibilizar as opcións de realizar ditas prácticas académicas. Voltáronse a recuperar os espazos cerrados, como museos, que tiveran que anularse no curso 2019-20 por non dispor das condicións adecuadas para o seu desenrolo durante a pandemia.

Loxicamente, o principal problema ao que se enfrenta un máster con un perfil de arqueoloxía é a necesidade de recursos para ofrecer prácticas adecuadas. As PAE cumpren só parcialmente con este obxectivo. Unha das mellores vías para resolvelo é a adscrición dun xacemento ao título de forma permanente e por iso iniciamos unha relación de colaboración co concello da Coruña, xa que o castro de Elviña é un xacemento ideal para completar a formación no master. No curso 2019-20 comezouse coa primeira campaña de escavación, orientado á formación dos alumnos en PAE continuando no curso 2020-21 con moito éxito. A integración plena da UDC no máster para partir desta 4ª edición, neste curso 2020-21 contribuíu a reforzar este obxectivo.

Debemos destacar ademais que este ano houbo unha oferta de campo grande e variada con 3 escavacións contribuíndo a mellorar esta experiencia de campo e 4 museos. O feito de ser actividades desenroladas ao aire libre, permitiu manter as medidas sanitarias de seguridade e hixiene COVID19 sen dificultade e os museos estaban xa adaptados a estas medidas para poder recibir algúns estudantes.

A relación final das prácticas asignadas para o curso 2020-21 foi a seguinte:

Alumno	Institución	Convocatoria	Titor profesional	Titor académico
Caldas Losada, Verónica	Museo das Peregrinacións	Primeira	Roberto Aneiros García	Olalla López Costas
Colmenero Feijó, Lara	Museo do Pobo Galego	Primeira	Manuel Vilar Álvarez	Olalla López Costas
Gago Chorén, Laura	Concello de Vilamartin de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Gago Veiga, Alba María	Concello de A Coruña (escavación de Elviña)	Primeira	Marco Rivas Nodar	Francisco Javier González García
Gómez Duro, Santiago	Museo Arqueolóxico de San Antón	Primeira	Ana Martínez Arenaz	Olalla López Costas
González Camino,	Concello de A Coruña (escavación de Elviña)	Primeira	Marco Rivas Nodar	Francisco Javier González García

Rodrigo Antonio				
González Fernández, Eva	Museo de Quiñones de León*	Primeira	Ángeles Faro	Olalla López Costas
Li, Juanshu	Concello de Vilamartín de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Martínez Ortiz, Adrián	Concello de Allariz (escavación Arqueolóxica de Armeá)	Segunda	María Cristina Cid Fernández	Adolfo Fernández Fernández
Méndez Otero, Raúl	Concello de Vilamartín de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Montero Ferrer, Pablo	Concello de A Coruña (escavación de Elviña)	Primeira	Marco Rivas Nodar	Francisco Javier González García
Paredes Dorribo, Tania	Museo das Peregrinacións	Primeira	Roberto Aneiros García	Olalla López Costas
Pereira Costa, Carmen	Museo Provincial de Lugo	Primeira	Aurelia Balseiro	Olalla López Costas
Pereira Gómez, Mar	Concello de Vilamartín de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Pérez Reynoso, Fernando Daniel	Concello de Vilamartín de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Ramos Soriano, Mario	Concello de Vilamartín de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Rodríguez Botana, Carlos Manuel	Museo Arqueolóxico de San Antón	Primeira	Ana Martínez Arenaz	Olalla López Costas
Rodríguez Porto, Fátima	Concello de Vilamartín de Valdeorras (escavación de Valencia do Sil)	Primeira	Enrique Álvarez Barreiro	José Carlos Sánchez Pardo
Rouco Pernas, Enrique	Concello de A Coruña (escavación de Elviña)	Primeira	Marco Rivas Nodar	Francisco Javier González García
Sánchez Bergantiños, Inocencio Antonio	Concello de A Coruña (escavación de Elviña)	Primeira	Marco Rivas Nodar	Francisco Javier González García
Segade Garcia, Alba	Concello de Allariz (escavación Arqueolóxica de Armeá)	Segunda	María Cristina Cid Fernández	Adolfo Fernández Fernández
Yáñez Vicente, Luis	Museo do Pobo Galego	Primeira	Manuel Vilar Álvarez	Olalla López Costas
Yicheng Ye	Concello de A Coruña (escavación de Elviña)	Primeira	Marco Rivas Nodar	Francisco Javier González García

Ao comezo do segundo semestre empezou a negociación para asinar un convenio de colaboración entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela para dispor dun xacemento arqueolóxico accesible sistematicamente para a docencia das materias de arqueoloxía do master. O castro denominado Pedra Castro, localizado ao norte da cidade, na parroquia de Santa Cristina de Fecha, é propiedade do concello e permite facer prácticas de pequena envergadura na docencia cotiá. Dado que non hai financiación específica para esta colaboración polo momento, orientáranse as actividades das materias a través dalgunhas prácticas de campo nese xacemento, aproveitando que a USC financia desprazamento de estudantes.

O Convenio foi asinado finalmente con data 15 de marzo de 2020, para o desenvolvemento de

actividades docentes en arqueoloxía en Pedra Castro, e se estenderá catro anos prorrogables. A primeira memoria será entregada a finais do curso académico 2021-22. No curso académico 2020-21 realizáronse actividades docentes no castro en 5 materias. Aínda que non estaba asinado o convenio, o concello proporcionounos o permiso para realizar unha actividade docente conxunta de dúas materias do primeiro semestre: 'Prospección Arqueolóxica', 'Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica'. E xa no segundo semestre, despois de asinar o convenio leváronse dúas actividades docentes no xacemento, unha desenrolada no marco de dúas materias, 'Lexislación e xestión da actividade arqueolóxica' e 'Cultura material medieval e moderna', e outra vinculada na materia de 'Arqueoloxía Pública'. Esta actividade tivo moi boa acollida entre os estudantes.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe son coherentes co perfil de egreso, satisfacen os obxectivos do programa formativo e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Pola súa banda, como se evidencia en apartados anteriores do presente Informe, o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistema de avaliación e cualificación constitúen factores especialmente relevantes que contribúen claramente á consecución dos resultados de aprendizaxe que téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

A regulación do procedemento na USC para a valoración do progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes está contida na Normativa de Avaliación do Rendemento Académico e de revisión de cualificacións, que conleva a aprobación con antelación suficiente e para cada curso académico, do programa académico correspondente pola Comisión Académica do Máster, a partir das informacións facilitada polos departamentos. Ademais deste procedemento, a valoración do progreso e dos resultados da aprendizaxe contémpanse tamén no procedemento de Avaliación da Aprendizaxe do SGC. Desta maneira a USC avalía o rendemento xeral dos estudantes a través dunha variedade de indicadores homologados.

As actividades académicas desenvólvense cunha perfecta planificación en tanto na USC como na UVigo e na UDC, seguindo os períodos previstos na programación académica anual xeneral das tres universidades, respecto do PDA, POD, guías docentes das materias, calendarios (clases, prácticas externas, exames, traballos de fin de máster, etc.). Esta información, tras a súa aprobación nos mecanismos pertinentes, é pública e se estende sobre as actividades encomendadas, contidos impartidos, metodoloxías empregadas, sistemas comprobativos da adquisición de coñecementos, etc. A adecuada programación e a correcta e puntual execución das actividades formativas, considérase que é un dos elementos decisivos para a consecución dos elevados resultados de aprendizaxe que se expoñen nos apartados seguintes do Informe (no seguinte apartado, criterio 7).

Ao anterior contribúe tamén, a adecuada estrutura do plan de estudos, a dedicación do profesorado interno e externo (CSIC), o carácter eminentemente práctico dos estudos, o atractivo engadido de contar con profesorado externo con cualificación e metodoloxías diferentes ás do profesorado universitario, o dispoñer dun PAS en diario contacto co alumnado e profesorado para apoiarlles no seu labor docente e discente, a constante preocupación da coordinación por coñecer de primeira man o desenvolvemento diario dos ensinamentos.



### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo que se refire aos indicadores de resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, evidénciase tamén unha evolución favorable de acordo coas características do título.

a) A taxa de rendemento global (IN34M) mostra unha lixeira melloría, pois aínda que no curso 16-17 a cifra descendeu do 92,31 (curso 2015-16) ao 86,34; no 2017-18 recuperouse levemente (90,17), sendo superada en 2018-19 con 95,17. O pequeno descenso no curso 2019-20 que continua no curso 2020-21 pode ser consecuencia da pandemia. Esta taxa está xusto en medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) IN34M)</b>	<b>91,44</b>	<b>92,36</b>	<b>86,34</b>	<b>90,17</b>	<b>95,17</b>	<b>90,79</b>	<b>83,54</b>

b) A taxa de éxito global (IN35M) mantense e resulta satisfactoria, tanto no curso 2016-17 (97,38) como no 2017-18 (97,61), sendo en 2018-19 de 100%, e pasando no curso 2019-20 ao 99,16%. No curso 2020-21 descende un pouquiño máis. Esta taxa está por enriba da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN35M)</b>	<b>99,13</b>	<b>100,00</b>	<b>97,38</b>	<b>97,61</b>	<b>100,00</b>	<b>99,16</b>	<b>98,80</b>

c) A taxa de avaliación global (IN36M) segue a mesma tendencia, é dicir, unha leve caída no curso 2016-17 (88,66) e unha recuperación en 2017-18 (92,38), superándose en 2018-19, chegando ao 95,17 e baixando lixeiramente no curso 2019-20 e no curso 2020-21. Esta taxa está xusto en medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN36M)</b>	<b>92,25</b>	<b>92,36</b>	<b>88,66</b>	<b>92,38</b>	<b>95,17</b>	<b>91,56</b>	<b>84,56</b>

d) A taxa de abandono global (IN41M) foi do 10,53% no curso 2015/2016, ascendendo a un 25% en 2017-18, e reducíndose notablemente a un 10% en 2018-19 e ata un 6% no curso 2019-20. Para o curso 2020-21 non hai datos dispoñibles por ser o primeiro ano da 4ª edición. Nembargantes hai unha taxa de abandono do 5,26% no último ano da 3ª edición, neste caso algunhas materias de segundo semestre foron abandonadas, xusto no momento no que xurdiron os problemas da pandemia, estes estudantes non voltaron a matricularse no curso 2020-21. Esta taxa está

por debaixo da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

e) A taxa de gradación global (IN37M) seguiu unha traxectoria coherente coa taxa de abandono global: pasa do 73,68% no curso 2015/2016, ao 95% no 2016-17 e 75% no 2017-18, e 90% en 2018-19 e sigue mellorando no curso 2019-20 co 94,44%. Non hai datos para o curso 2020-21 por ser o primeiro ano da 4ª edición, pero para a 3ª edición é o 78,95%, relacionada coa taxa de abandono que se mencionou no punto anterior, e relacionada coa pandemia, como se comentou anteriormente.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN37M)</b>	-	<b>73,68</b>	<b>95,00</b>	<b>75,00</b>	<b>90,00</b>	<b>94,44</b>	-

f) O tempo medio que empregan os estudantes en superar o Máster (IN38M) recuperouse paulatinamente, pasa de 1,25 anos en 2015-2016 a 1,71 no 2016-17 e de novo a 1,29 no 2017-18, sendo en 2018-19 de 1,38 e no curso 2019-20 dun 1,33, baixando un pouco máis en 2020-21 a 1,09. Situándose bastante ben fronte a outros másters que poden alcanzar ata 3 anos a duración media, entre eles o último ano da 3ª edición do master de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que alcanzou 2 anos de media de duración do estudio da titulación (por pandemia).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (IN38M)</b>	<b>1,00</b>	<b>1,24</b>	<b>1,71</b>	<b>1,29</b>	<b>1,38</b>	<b>1,33</b>	<b>1,09</b>

Habitualmente a prolongación de máis dun ano para o desenrolo do curso académico é sempre debido á dificultade dalgúns alumnos para terminar o TFM dentro do ano previsto. Problemática que no curso 2019-20 fíxose máis complexa polo COVID19, que provocou que unha parte dos estudantes defendera o TFM o mes de setembro e no curso seguinte. O encerro obrigado pola pandemia e a situación sanitaria complicou o desenrolo normal do curso e provocou situacións persoais limitantes (relacionada coa saúde física e psicolóxica). Neste curso 2020-21 mellorou en xeral a situación.

En conclusión, as taxas de resultados mostran unhas porcentaxes ben situadas en relación ca media da USC e mantéñense nunhas porcentaxes moi elevadas e estables. Neste sentido, considérase que a calidade e o éxito do Máster quedan demostrados con resultados cuantitativos. Así mesmo, aos devanditos resultados positivos contribúe de forma decisiva o grao de implicación, a atracción que proporciona o carácter práctico profesionalizante e investigador dos estudos, o sistema de titorías, control e seguimento que se efectúa sobre o alumnado e a dedicación, constancia e dispoñibilidade do profesorado, entre outros factores.

## 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- [Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.](#)
- [Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.](#)

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución das enquisas de satisfacción dos alumnos (IN46M) é progresivamente favorable ata o curso 2018-19, e no curso 2019-20 e no curso 2020-21 descendeu un pouco, probablemente pola situación xerada pola pandemia que ten perduración neste curso tamén.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN46M)</b>	<b>3,57</b>	<b>3,48</b>	<b>3,95</b>	<b>3,99</b>	<b>4,10</b>	<b>3,91</b>	<b>3,89</b>

Aínda que descendeu un pouco, nos mantemos próximos ao 4 nas enquisas de satisfacción do curso 2020-21.

Un dos principais problemas das enquisas de satisfacción é a moi escasa participación dos alumnos, neste curso a participación é 52,38%, mais ou menos na liña da porcentaxe anual dos egresados no título. Sobre iso xa se executou unha acción de mellora que tivo consecuencias positivas (aínda que insuficientes). A participación no curso 2016-17 situouse no 50%, cando no curso anterior fora de só o 27%.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21
<b>Total (%) (IN46M)</b>	<b>57,14</b>	<b>27,27</b>	<b>50</b>	<b>40</b>	<b>52,38</b>	<b>52,38</b>	<b>52,38</b>

Con todo, desde a coordinación do máster realízase unha enquisa propia (non tan cuantitativa, e máis centrada nos aspectos específicos do título) e que, ao realizarse de xeito presencial (non virtual) e en horario de clase obtemos unha participación próxima ao 90%, aínda que no 2020-21, descendeu ao 50% de novo. En canto á media da titulación do máster nas enquisas de avaliación realizadas pola institución para o curso 2020-21, a puntuación é de 3.89 (frente a 4.17, da media da rama de coñecemento en Artes e Humanidades, e a 4.09 da USC), máis alta que no curso anterior pero un pouco máis baixa que no curso 2018-19 con 4.1. Aínda que esta información é obtida das materias impartidas pola USC, quedando fora as restantes, polo tanto non se está considerando o conxunto de materias do máster.

### 7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Sobre este aspecto non contamos con datos. No “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no Sistema Universitario de Galicia” elaborado pola ACSUG, a enquisa (elaborada entre xuño e xullo de 2015) é anterior ao período ao que se refire este informe (curso 2019-20), ademais ten un carácter xeral, e só estuda un único caso concreto: o máster de profesorado.

### 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<p>No curso 2020-21 entrou en funcionamento a 4ª edición do master, nova edición na que se realizaron modificacións dalgunhas materias e foron incorporados por fin os profesores da UDC para impartir clase oficialmente.</p> <p>En relación coas modificacións do programa, foi redimensionada a materia de escavación arqueolóxica, reducida a 3 créditos ECTS, introducíronse 3 materias optativas novas e foi substituída unha materia obrigatoria por outra de nova implantación.</p>	<p>Link memoria da nova edición:  <a href="https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/pdf/1%204%20edicion_Memoria%20formato%20ministerio.pdf">https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/pdf/1%204%20edicion_Memoria%20formato%20ministerio.pdf</a></p> <p>É necesario incorporar ao profesorado da UDC porque así completamos a oferta docente en arqueoloxía e ciencias da antigüidade da rexión, incluíndo a todas as institucións galegas.</p> <p>Os cambios nas materias reflicten a necesidade de adaptar a oferta docente máis adecuadamente ás necesidades profesionais e de investigación. O título convértese nunha oferta única no estado español.</p>

As accións de mellora son incorporados na nova proposta informada favorablemente en 2020 que da lugar á 4ª edición, e que é cumpida pola titulación, como foi explicado no presente informe.

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	<a href="#">Web do Título</a>
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollen as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4317354_P.Ind_2020-2021
			4317354_INF.16_2020-2021
			4317354_INF.CiUG_2020-2021
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4317354_I2_2020-2021
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	4317354_P.Ind_2020-2021
			5075_INF.03_2020-2021
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	<a href="#">Web da USC</a>
			<a href="#">Web do Centro</a>
			<a href="#">Web do Título</a>
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do Centro</a>
3	E1	Evidencias da implantación dos pro-	<a href="#">Web do Centro</a>

	1	cedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do Centro</a>
3,7	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4317354_P.Ind_2020-2021
			4317354_INF.04_2020-2021
			5075_INF.05_2020-2021
			4317354_INF.06_2020-2021
			4317354_INF.07_2020-2021
			4317354_INF.08_2020-2021
			4317354_INF.09_2020-2021
			5075_INF.10_2020-2021
			5075_INF.11_2020-2021
			4317354_INF.13_2020-2021
			4317354_INF.14_2020-2021
			5075_INF.21_2020-2021
			4317354_INF.22_2020-2021
			4317354_INF.23_2020-2021
4317354_Informe_de_indicadores_2020-2021			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	4317354_P.Ind_2020-2021
			4317354_Informe_de_indicadores_2020-2021
4	E1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4317354_E15_2020-2021
4	E1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/	5075_E16_2020-2021

		posto desempeñado)	
4	E1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2020-2021
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5075_I6-I7_2020-2021
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4317354_INF.13_2020-2021
			4317354_INF.14_2020-2021
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5075_I10_2020-2021
5	E1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E1 9	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do Centro</a>
5	E2 0	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
